

MEMORIA DE ACTIVIDADES
FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA



04 FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA

Quen somos

MEMORIA DE ACTIVIDADES

16 RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E INCIDENCIA POLÍTICA E SOCIAL

18 PROGRAMA DE INCIDENCIA POLÍTICA E REPRESENTACIÓN INSTITUCIONAL

22 PROGRAMA DE INCIDENCIA SOCIAL

38 XESTIÓN DO COÑECEMENTO E FORMACIÓN

40 SERVIZO DE PUBLICACIÓNS

44 PROGRAMA DE FORMACIÓN EXTERNA

52 PARTICIPACIÓN EN XORNADAS E CONGRESOS

53 PARTICIPACIÓN E COLABORACIÓN EN INVESTIGACIÓNS

54 DESENVOLVEMENTO ASOCIATIVO

56 PROGRAMA DE FORMACIÓN INTERNA

57 PROGRAMA DE CAPTACIÓN DE FONDOS

58 BOLSA DE EMPREGO - FAG

59 ACCIÓNS FORMATIVAS INTERNAS

60 PROGRAMA E SERVIZOS A FAMILIAS E PERSOAS CON TEA

62 SERVIZO DE ORIENTACIÓN SOCIO-FAMILIAR

65 SERVIZO DE EMPREGO E FORMACIÓN

69 SERVIZOS DE ATENCIÓN A PERSOAS CON TEA

72 ACCESIBILIDADE COGNITIVA

74 SERVIZO DE ACCESIBILIDADE COGNITIVA

77 REDE DE ACCESIBILIDADE

80 MELLORA NA ATENCIÓN ALUMNADO CON TEA

84 MELLORA NA ATENCIÓN SANITARIA E SAÚDE

92 GOBERNANZA E DESEMPEÑO ECONÓMICO 2022

EDITA
FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA

Sede Social
Rúa Home Santo de Bonaval, 74 baixo

Centro de Recursos
Rúa Rodríguez de Viguri, 35
15703 Santiago de Compostela
Tel. +34 981 589 365
info@autismogalicia.org
www.autismogalicia.org

SUBVENCIONADO POR:
Xunta de Galicia
Consellería de Política Social e Xuventude

COORDINACIÓN DE CONTIDOS
Adriana Pazos Ottón

DESEÑO E MAQUETACIÓN
Raquel Boo

IMAXES
[@Autismo Galicia](https://www.instagram.com/Autismo_Galicia/) / [@Unsplash](https://www.instagram.com/Unsplash/)

RECURSOS GRÁFICOS
[pcr.vector](https://www.pcrvector.com/) / [freepik](https://www.freepik.com/)

PICTOGRAMAS
©Sergio Palao para ARASAAC (arasaac.org) Goberno de Aragón / Licenza Creative Commons (BY-NC-SA)

IMPRESIÓN
Difux S.L.



MERCEDES FERNÁNDEZ ANGULO
PRESIDENTA FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA

Estimadas entidades:

O número de persoas con TEA atendidas polas entidades da Federación Autismo Galicia seguiu aumentando no ano 2022. Os servizos que máis creceron son Valoración, Diagnóstico e Atención Temprá, o que demostra a importancia da sensibilización do TEA e de garantir os apoios necesarios para promover a participación e a inclusión social.

Tanto o día mundial do Asperger co lema "Haz Espazo" ás persoas con Asperger, como o día mundial do Autismo co lema "unha Feliz viaxe pola vida", reclaman o dereito á participación e inclusión durante todas as etapas vitais, tanto das persoas con TEA como das súas familias. Estas ocasións inciden nos servizos específicos que precisan para mellorar a súa calidade de vida, coa esencial contribución de toda a cidadanía.

Traballamos este ano na necesidade de ser dinamizadores da comunicación entre o tecido asociativo, facilitando e promovendo o cambio e xerando canles de intercambio e coñecemento. Con este propósito, creouse a comisión de comunicación, para así coordinar e fortalecer as accións de incidencia e repercusión social. Temos que aspirar a ser un referente dentro da comunidade e a nivel nacional, tanto para as familias como para as entidades de todos os sectores e a administración.

Debemos priorizar temas de interese sobre a información para persoas con TEA, profesionais, e familias. Ao longo do 2022, a FAG fixo publicacións para a divulgación e sensibilización, con formación contrastada, específica e actualizada sobre o TEA. Destacando a colección de Accesibilidade, de Educación e Atención TEA, e a colección de Saúde.


Moi importante é a transferencia do coñecemento sobre o TEA a profesionais do ámbito educativo, sociosanitario e sociofamiliar. A formación ten que seguir sendo unha prioridade na FAG, incidindo na capacitación de futuros profesionais das nosas entidades. Hai que seguir apoiando e aproveitando oportunidades da contorna a través de convenios ou compromisos de colaboración, que favorezan o acceso tanto a profesionais das entidades como a outros profesionais interesados no TEA a unha extensa variedade de actividades formativas.

Para que as persoas con TEA poidan acceder a unha vida autónoma é preciso apostar polas accións de Información e de Orientación laboral Específicas. No ano 2022 desenvolveuse o programa integrado para o fomento da empregabilidade das persoas vulnerables, a través dun convenio de colaboración entre a Consellaría de Emprego e Igualdade, EAPN Galicia e a FAG, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Persoas con TEA de ASPANAES e de ASPERGA recibiron unha atención personalizada por parte dos orientadores laborais, e adaptada ás características das persoas con TEA.

Outro proxecto de importancia no 2022 foi a participación da FAG no "Rumbo". O propósito deste proxecto é desenvolver un modelo de autonomía persoal para as persoas con discapacidade, que permita unha atención centrada na persoa e no seu proxecto de vida independente dentro da súa comunidade. É un proxecto piloto que se está implantando en cinco autonomía con Aspace, Fegadace, Cocemfe, Predif e Autismo España. Está financiado pola Unión Europea dentro do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia. Consideramos de gran transcendencia a participación de Federación Autismo Galicia nesta investigación e definición do novo modelo de autonomía persoal.

Por último, gustárame mencionar outro feito importante que marcou o ano 2022: a guerra en Ucraína. Estabamos a saír da pandemia COVID e Europa solidarizouse con este país, brindando toda a axuda posible para aquelas persoas que decidiron fuxir da súa patria. En especial quero destacar ás persoas con discapacidade en Ucraína, e en concreto ás persoas con TEA. A FAG e as súas entidades sempre estiveron dispostas para apoiar a aquelas que chegaron a Galicia. Esperemos que este conflito termine e poidan regresar ás súas casas canto antes.

Moitas grazas a todos.



Autismo Galicia quen somos?

Nace no ano 1995 como unha Federación que engloba ás entidades de pais, nais, de titores e de profesionais, protectoras de persoas con trastorno do espectro do autismo da Comunidade Autónoma de Galicia.

É unha entidade privada, sen ánimo de lucro inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Xunta de Galicia co número 95, no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais con número de inscrición E-0948, declarada de utilidade pública por resolución do 18 de febreiro de 2003 e acollida ao réxime fiscal das entidades sen fins de lucro e dos incentivos fiscais ao mecenado regulado na Lei 49/2002 de 23 de decembro.

Autismo Galicia apóiase en financiadores públicos e privados e axusta o control destes fondos ao disposto na Lei de Mecenado (49/2002). As contas da Federación Autismo Galicia publícanse anualmente, son sometidas a auditoría externa e están dispoñibles para a súa consulta en www.autismogalicia.org.

1995

MISIÓN

A Federación AUTISMO GALICIA contribúe a defender e reivindicar socialmente os dereitos das persoas con trastornos do espectro do autismo e das súas familias, promovendo a igualdade de oportunidades e a colaboración entre entidades prestadoras de servizos específicos e especializados.

2022



VALORES

A Federación Autismo Galicia dispón dunha declaración de valores que guía a actuación da organización como institución e a conduta das persoas que a forman.

Na formulación dos valores están recollidas o conxunto de convicións profundas e opcións fundamentais que manifestan a identidade de FAG, e que xeran unha cultura institucional propia e diferenciada. Na realización da súa actividade, a organización actúa e as persoas condúcense coherentemente cos seguintes valores:

VALORES ÉTICOS

AUTISMO GALICIA desenvolve a súa actividade e persegue os seus propósitos en coherencia cos seguintes referentes:

- As persoas con TEA son cidadáns activos, suxeitos de pleno dereito.
- AUTISMO GALICIA enfoca o seu traballo para a provisión de apoios ás persoas con TEA e os seus familiares dende unha perspectiva de dereitos.
- AUTISMO GALICIA é unha federación solidaria que promove este valor entre as persoas e organizacións que inflúen na vida das persoas con TEA e os seus familiares.
- AUTISMO GALICIA condúcense nas súas decisións en coherencia cos referentes éticos propios e os que asume das asociacións nas que participa activamente.

VALORES DE XESTIÓN

AUTISMO GALICIA promove e condúcense na súa xestión atendendo aos seguintes referentes:

- Autorrepresentación das persoas con TEA.
- Participación de persoas e entidades
- Especificidade e especialización na provisión de apoios ás persoas con TEA e os seus familiares.
- Transparencia.
- Cohesión asociativa.
- Mellora continua.
- Sustentabilidade.



ORGANIGRAMA FAG

ASEMBLEA XERAL

PERSOAS ASOCIADAS ÁS
16 ENTIDADES FAG

XUNTA DIRECTIVA

DIRECCIÓN E XERENCIA

Patricia Blanco Riveiro

PRESIDENTA

Mercedes Fernández Angulo
ASOC. ASPANAES

VICEPRESIDENTE

Luís González Rodríguez
ANPA CENTRO CASTRO NAVAS

SECRETARÍA

María Soledad García Penalta
ASOC. ASPERGA

TESOURERÍA

José Manuel Varela Rodríguez
ANPA CENTRO MENELA

VOGAL

Esperanza Domínguez Bautista
ASOC. AUTISMO VIGO

DEPARTAMENTO ADMINISTRACIÓN

Teresa García Barcala

DEPARTAMENTO COMUNICACIÓN E INCIDENCIA SOCIAL

Adriana Pazos Ottón

ÁREA DE PROGRAMAS

Cristina Couto Pena

ÁREA DE DESENVOLVEMENTO ASOCIATIVO

Ángela Goiricelaya Seco

EDUCACIÓN

SAÚDE

SOCIOFAMILIAR

EMPREGO

INFORMACIÓN E
ASESORAMENTO

FORMACIÓN

ACCESIBILIDADE COGNITIVA



DEPARTAMENTOS TRANSVERSAIS E FUNCIÓNS

ENTIDADES FEDERADAS

unha rede de servizos

Representamos a máis de 8000 persoas, familias e persoas con TEA, conformando o tecido necesario para a defensa dos dereitos e necesidades das persoas con TEA.

A Federación Autismo Galicia conta cunha rede de 16 entidades, tanto asociacións como fundacións, repartidas por todo o territorio galego, ofrecendo servizos especializados a persoas con autismo e ás súas familias, baixo o compromiso de avanzar na cohesión do colectivo na comunidade.



REPRESENTAMOS
A MÁIS DE
8.000
PERSOAS

RECURSOS	SERVIZOS	
Centro de día.	Información e orientación.	Programa de inserción sociolaboral.
Colexios de educación especial.	Valoración, diagnóstico e orientación.	Colexios de educación especial.
Residencia.	Servizos de prevención da dependencia e promoción da autonomía personal.	Atención temperá.
	Estratexias psicoeducativas.	Entrenamento en habilidades persoais e sociais.
	Formación prelaboral.	Lecer e tempo libre.
	Servizo de voluntariado.	Servizo de atención diúrna terapéutica
	Servizo de atención residencial terapéutica.	Administración e xestión.
	Respiro familiar	Servicio tutelar.

DIRECTORIO DE ENTIDADES 2022

A CORUÑA

ASPANAES

Camiño da Igrexa, 40 baixo
15009 A Coruña
981130 044
administracion@aspanaes.org
www.aspanaes.org

ASPERGA

Avda. de Oza, 240, 1º
15006 A Coruña
881 917 318 / 633 283 164
asperga@asperga.org
www.asperga.org

FUNDACIÓN AUTISMO CORUÑA

Camiño da Igrexa, 40 baixo
15009 A Coruña
981 130 553
info@autismocoruna.org
www.autismocoruna.org

LUGO

CAPACES LUGO

Monte Faro, 2, baixo (local 1)
Casa Poeta María Mariño
27003 Lugo
619 170 890
capaceslugo@gmail.com
capaceslugo.blogspot.com

OURENSE

POR ELES TEA

Ramón y Cajal, 6 baixo
Ourense
988 701 658 - peteaou@peteaou.org
www.porelestea.es

TRASCOS

Santo Domingo 35, entresollado 1
32003 Ourense
988 049 632 / 655 902 026
asociaciontrascos@gmail.com
asociacion-trascos.webnode.es

PONTEVEDRA

APA CASTRO NAVAS

Navás (Priegue), 11
36391 Nigrán
986 365 558
castronavas@menela.org

APA CENTRO DE EDUCACIÓN ESPECIAL MENELA

Camiño da Veiguiña, 15 (Alcabre)
36212 Vigo
986 240 703

APA MECOS "Os Mecos"

Almirante Fontán, Vilaxoán, 11
36611 Vilanova de Arousa
986 909 982
apamecos@hotmail.com

APACAF

Placer, 5, 3º B
36202 Vigo
986 587 475
info@apacaf.org
www.apacaf.org

AUTISMO VIGO

Avda. Camelias, 108, oficina 2
36211 Vigo
986 437 263
autismovigo@gmail.com
www.autismovigo.org

FAMILIAS AZUIS

Oriente, 8
36860 Pontearreas
familiasazuis@gmail.com

FUNDACIÓN MENELA

Marqués de Alcedo, 19
36203 Vigo
902 502 508 / 986 423 433
fundacion@menela.gal
www.menela.gal

FUNDACIÓN TUTELAR CAMINO DO MIÑO

Xoanelo, 2
36202 Vigo
986 222 023 / 902 502 508
fundacion_tutelar@cmio.org
fundacion@menela.org

ASTEAVI

Coruña, 44, baixo - 36208 Vigo
986 414 346 - teavi.teavi@gmail.com
www.asteviasociacion.blogspot.com

UN MAIS

Antero Rubín, 17, 4º esq.
36700 Tui
670 984 046
asociacion.unmais@gmail.com
www.unmais.es



OS TRASTORNOS DO ESPECTRO DO AUTISMO

O TRASTORNO DO ESPECTRO DO AUTISMO (en diante TEA) é un trastorno que fai referencia a un conxunto de condicións que se manifestan antes dos 3 primeiros anos de vida e que afectan ao neurodesenvolvemento e ao funcionamento cerebral.

As súas manifestacións clínicas poden variar entre as persoas que teñen un diagnóstico de TEA. Pero o TEA defínese baixo unhas características comúns. Todas as persoas con TEA teñen dificultades nas habilidades para comunicarse e relacionarse cos demais. Tamén se asocian a un patrón restrinxido e repetitivo de intereses, actividades e comportamentos, que repercute na capacidade da persoa para anticiparse e adaptarse á contorna.

Algunhas persoas poden experimentar reaccións de hiper ou hiposensibilidade a estímulos con diferentes modalidades sensoriais (auditivos, visuais, táctiles, etc.). Isto provén de alteracións que pode ter a persoa no procesamento dos estímulos da contorna.

O TEA pode presentar asociados outros trastornos do neurodesenvolvemento, como discapacidade intelectual ou trastorno por déficit de atención con ou sen hiperactividade, etc.

Pode non afectar ao funcionamento intelectual da persoa e ter un gran potencial cognitivo, aínda que algúns procesos psicolóxicos e cognitivos (como a cognición social, linguaxe ou as funcións executivas) teñan un funcionamento diferente e incidan na maneira na que a persoa percibe, interpreta e se adapta á contorna.

AS CAUSAS

Non sabemos a causa exacta do autismo. Dada a complexidade do trastorno e gran heteroxeneidade nas súas manifestacións, é posible que haxa moitas causas no autismo.

Os estudos sobre xenética apuntan a que un 10 % dos diagnósticos de TEA poderían asociarse a un trastorno cromosómico ou cunha base xenética identificada.

É probable que na etioloxía do TEA estean implicados unha rede de xenes e que se vexan afectados por outros factores biolóxicos e factores ambientais que alteren a súa expresión e influan no desenvolvemento do sistema nervioso e funcionamento posterior.

CARACTERÍSTICAS E ESPECIFICIDADE

O diagnóstico do TEA non se realiza a través de marcadores biolóxicos, senón que se realiza a través de indicadores no desenvolvemento da persoa e a avaliación e observación exhaustiva da súa conduta.

No caso das persoas usuarias dos nosos centros, esta conflitividade é moito maior debido ás características específicas dos trastornos que presentan.

Por isto é necesario establecer programas de apoio individualizados e adaptados ás súas necesidades, que teñan en conta a sintomatoloxía propia dos trastornos do espectro do autismo e as características persoais e específicas de cada persoa, de xeito que posibilite a adquisición e desenvolvemento das habilidades e capacidades necesarias para afrontar as múltiples dificultades e demandas que presenta esta nova etapa da vida.

Todos os usuarios das entidades asociadas á Federación necesitan de axuda externa para poder levar a cabo as súas actividades da vida diaria, dende as básicas ata as instrumentais.

Autismo Galicia é unha entidade que se orienta ao desenvolvemento de modelos e apoios especializados para o seu colectivo destinatario, que promove unha intervención baseada en metodoloxías específicas de eficacia contrastada e que reconece e defende a natureza específica dos TEA e das necesidades das persoas que os presentan co propósito de promover o avance, a investigación e a intervención dirixida a este tipo de trastornos.

O diagnóstico de autismo ten que ser realizado por profesionais especializados, co obxectivo de establecer un programa de intervención de apoios individualizados para a persoa. A avaliación ten que pasar por unha valoración directa da persoa con TEA, unha entrevista á familia, con probas específicas para a avaliación do TEA. O proceso de avaliación ten que estar centrado en determinar as limitacións, así como destacar os puntos fortes que axuden a establecer apoios adecuados á persoa.

Polo momento non existe ningunha cura para os TEA. Porén, existen factores que van influír de maneira significativa no desenvolvemento da persoa que os presenta e na súa calidade de vida.

É fundamental que o diagnóstico se realice de maneira precoz e que o neno ou nena reciba unha axeitada intervención temperá. Tamén é fundamental que os recursos educativos e comunitarios sexan os axeitados ás súas necesidades individuais e que dispoña dunha rede de apoio que facilite a súa participación social.

Ademais, é imprescindible sinalar que a persoa con TEA segue desenvolvéndose e aprendendo ao longo de toda a súa vida. As características que definen os TEA non desaparecen ao chegar á vida adulta, aínda que as necesidades si van cambiando co tempo.

É preciso impulsar a implementación de intervencións contrastadas para as persoas con TEA nos distintos ámbitos de atención ao longo da súa vida, fundamentalmente no sanitario, educativo e o social.

Así poderáselles facilitar a transición entre as distintas etapas vitais e contribuírse a erradicar prácticas non recomendadas ou sen evidencia demostrada.

Así, a calidade de vida da persoa e a da súa familia van estar influídas polas posibilidades de acceder ás intervencións e apoios axeitados, que se adapten ás súas necesidades individuais e que maximicen as súas oportunidades de aprendizaxe, de inclusión social e de desenvolvemento persoal, mantendo todos estes elementos ao longo da vida.



A PREVALENCIA DO TEA

Nos últimos anos conséctase un aumento considerable dos casos detectados e diagnosticados de TEA. Este incremento pode deberse, entre outros factores, a unha maior precisión nos instrumentos de detección, a ampliación dos criterios diagnósticos, ou mesmo a un aumento real da incidencia deste tipo de trastornos.

**25 PERSOAS
CON TEA
POR CADA
10.000 EN IDADE
ADULTA**

**1 CASO DE TEA
POR CADA
100 NENOS/AS
EN IDADES
ESCOLARES**



Os estudos de prevalencia sitúan progresivamente aos TEA como un dos trastornos de neurodesenvolvemento máis frecuentes na poboación.

Persoas con manifestacións máis leves do trastorno ou sen discapacidade intelectual podían non ser identificadas ou recibir un diagnóstico doutro tipo de alteración, como trastorno da linguaxe, déficit de atención, etc.

Por outra parte, o autismo podía non ser recoñecido nas persoas con discapacidade intelectual e grandes necesidades apoio.

O aumento no coñecemento sobre os TEA e a importancia da intervención temperá no prognóstico dos nenos e nenas que o presentan, propiciaron a posta en marcha de servizos dirixidos especificamente á poboación con TEA. O acceso a estes servizos está en ocasións vinculado á existencia dun diagnóstico de TEA.

Esto propiciou que o estigma asociado ao autismo, que leva moitas veces a atrasar o diagnóstico, desapareza fronte a demanda familiar dun diagnóstico que proporcione o acceso aos servizos especializados. Á vez, estes servizos especializados favorecen a localización e rexistro de novos casos. A todo isto hai que sumarlle unha maior conciencia e coñecemento dos TEA tanto nos profesionais como na sociedade en xeral.

Estudos consensuados noutros países establecen a prevalencia de 25 persoas con TEA por cada 10.000 cidadáns adultos e 1 caso de TEA por cada 100 nenos en idades escolares.

As investigacións apuntaban ata agora que os TEA se presentaban catro veces máis no caso dos homes que das mulleres. Pero, estes datos estanse cuestionando na actualidade, debido ao aumento de diagnósticos en mulleres que se está producindo nos últimos anos (National Association of Special Educational Needs, 2016).

A razón que parece subxacer a esta dificultade é que as mulleres poderían ser máis eficaces na aprendizaxe de estratexias de compensación que axuden a enmascarar os déficits sociais e adaptativos.

A falta de información no ámbito científico provoca tamén nesgos de xénero na práctica profesional. Así, os diagnósticos no caso das mulleres atrásanse aínda máis que no caso dos homes, mesmo cando as manifestacións son máis evidentes, e existe un maior risco de que reciban diagnósticos errados ou pouco precisos.

Nos seus últimos estudos de prevalencia, o Center for Disease Control and Prevention (CDC) informou dunha prevalencia estimada de 1 de cada 36 nenos e nenas de 8 anos.

No caso de España, os estudos son escasos e limitados ao non existir unha rede de investigación consolidada e sostible a pesar de considerarse unha área fundamental para o avance no coñecemento dos TEA.

Esta carencia provoca a falta de datos estatísticos fiables para planificar os servizos. Os últimos proxectos acometidos neste sentido e que están sendo implementados son o Rexistro RETEA do Instituto de Saúde Carlos III e o proxecto de Autismo España: "Sistema de información e estatístico sobre os TEA en España".

É incuestionable que nos últimos anos se multiplicaron os diagnósticos de TEA en todo o mundo, chegando a afectar actualmente en Europa a máis de 3,3 millóns de persoas. En España calcúlase que poden existir máis de 450.000 persoas con TEA, aínda que non todas se encontren correctamente identificadas e diagnosticadas.

Se partimos da estimación de poboación na Comunidade Autónoma e aplicamos a taxa de prevalencia dos TEA internacionalmente aceptada, 1 de cada 100 persoas, en Galicia somos: **27.000 PERSOAS CON TEA.**



27.000
PERSOAS
CON TEA
EN GALICIA



A federación en números

A Federación Autismo Galicia conta con 16 entidades que representan a unha base social de 1276 persoas asociadas. O número de traballadores total é de 441, e cóntase coa colaboración de 55 persoas voluntarias, que contribúen a desenvolver a súa misión.


Os servizos profesionais para a atención aos TEA desenvólvenos un total de 441 traballadores. A gran maioría dos profesionais correspóndense cos labores de intervención na área de atención á saúde, na área de ensinanza así coma doutras competencias.

A Federación Autismo Galicia conta co Servizo de Valoración e Diagnóstico do trastorno do espectro do autismo nas catro provincias galegas. Durante o ano 2022, realizáronse 184 informes diagnósticos.

Así mesmo, aténdese a un total de 170 nenos e nenas nos Centros Educativos Concertados coa Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional nas provincias da Coruña e Pontevedra.

Os servizos e programas desenvolvidos por Autismo Galicia e as súas entidades membro abranguen recursos e intervencións co fin de dar resposta ás necesidades das persoas con TEA ao longo das distintas etapas do ciclo vital e baseándose no Modelo de Calidade de Vida.


Dimensión DA ENTIDADE



Recursos HUMANOS




Persoas con TEA ATENDIDAS



Programas e servizos para PERSOAS CON TEA

1.740
PERSOAS ATENDIDAS

- Servizos de Diagnóstico / 184
- Atención temperá / 284
- Unidades de Educación Especial / 170
- Respiro familiar / 189
- Deseño de estratexias educativas / 155
- Formación prelaboral / 24
- Adestramento de habilidades persoais / 388
- Atención diurna terapéutica / 83
- Atención residencial terapéutica / 138
- Servizos/Programas de ocio / 290
- Servizos/Programas de emprego / 135
- Servizo tutelar / 5
- Outros / 106



Así, dende os servizos de valoración e diagnóstico, dáse continuidade á intervención dende o Servizo de Atención Temperá ata os seis anos de idade atendendo durante o ano 2022 a 285 nenos e nenas. A Federación conta, ademais, con 83 prazas de Atención Diurna Terapéutica para adultos así como 138 prazas de Atención Residencial.


Doutra banda hai que destacar a oferta de prazas no Servizo de Respiro Familiar, onde, un total de 189 persoas con TEA se beneficiaron deste servizo.

Durante o ano 2022 realizáronse servizos de asesoramento, información e acompañamento que estimamos teñen un impacto directo sobre 8.073 persoas que conviven cunha persoa con TEA.

Desenvolvéronse distintas accións formativas específicas sobre autismo dirixidas tanto a familiares como a profesionais externos que desenvolven o seu labor con persoas con TEA.

O conxunto de profesionais foron especialmente mestres/as, psicólogos/as, terapeutas e cuidadores/as, cun total de 952 persoas formadas durante o ano 2022.

Programas e servizos para FAMILIAS E OUTROS GRUPOS DE INTERESE




- Servizos de Información a familias / 1699
- Servizo de formación / 952
- Servizos de orientación xurídica / 41

+ 4.500
PERSOAS ATENDIDAS EN 2022





**RELACIONES
INSTITUCIONALES
E INCIDENCIA
POLÍTICA
E SOCIAL**



A Federación Autismo Galicia como entidade de acción social, ten entre as súas tarefas inescusables a de lograr melloras na calidade de vida das persoas con Trastorno do Espectro do Autismo, e que as necesidades do colectivo sexan tidas en conta nas políticas públicas, e no conxunto da sociedade.

Liderando o pensamento, coñecemento e a voz colectiva, así como unha acción integrada cun enfoque de dereitos, mediante accións coordinadas de incidencia política e social, que impliquen e acheguen coñecemento ao conxunto da cidadanía.

É o noso labor definir e ir conquistando o posicionamento do colectivo a través das redes de traballo, a xestión e incidencia das demandas e reivindicacións, a construción do diálogo social, sensibilizando e fortalecendo a consolidación de alianzas, así como colaborando co sector público.

A integración dunha estratexia de incidencia política e social é un primeiro requisito para concretar e impulsar a nosa presenza transformadora na sociedade, e afianzar os procesos de participación e apoderamento de persoas.

PROGRAMA DE INCIDENCIA POLÍTICA. Representación institucional da Federación e entidades federadas



A FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA, como entidade, está presente nos foros de representación do terceiro sector que traballan polo desenvolvemento de políticas sociais que afectan aos beneficiarios das accións da Federación e entidades asociadas.

Durante o ano 2022 a Federación Autismo Galicia mantivo a súa presenza, de xeito activo nos distintos foros de representación institucional da discapacidade, exclusión social, e específicos dos TEA: CERMI GALICIA, EAPN GALICIA, Asociación Autismo Europa e Confederación Autismo España.

Ademais de reforzar vínculos, participar en reunións de traballo, conferencias, xornadas, etc, promovéronse e avanzouse en propostas de converxencia asociativa impulsando a mesma, tanto cara fóra como cara dentro, e consolidáronse fortes alianzas entre as entidades asociadas.

A maiores das colaboracións con entidades do terceiro sector, a Federación Autismo Galicia, a través dos seus representantes, mantén unha actividade de representación institucional ante a Administración Pública, Universidades, e calquera outro organismo que se constitúa en interlocutor necesario.

A representación institucional exerceuse pola Xunta Directiva e Xerencia da Federación, así como, polos responsables de áreas e polas asociacións e entidades Federadas.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- 1 Incidir coas administracións públicas para a mellora das condicións técnicas e económicas para a prestación de servizos específicos e especializados prestados por entidades federadas e e seguimento da produción de normativa e regulación que afecte á mellora da calidade de vida das familias e persoas con TEA.
- 2 Colaborar activamente para a incidencia política coas redes das que Autismo Galicia forma parte.
- 3 Manter a actividade de representación institucional perante as Administracións Públicas e entidades aliadas.

Incidencia política e interlocución coa ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

ADMINISTRACIÓN ESTATAL

Accións de defensa de dereitos para as persoas con TEA e as súas familias: análise da situación actual nas entidades derivada da crise provocada pola Covid19: situación financeira e de servizos.

Articulación das demandas en servizos das entidades federadas a nivel estatal durante a crise sanitaria.



ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

Interlocución continua para o traslado de demandas á Administración autonómica e incidencia no deseño de protocolos.

Aportacións a ordes e regulamentos da Consellería de Política Social.

Incidencia para a coordinación sociosanitaria.

Incidencia para a financiación de centros e servizos.

CONSELLERÍA DE EMPREGO

Interlocución coa Secretaría Xeral de Emprego para o plantexamento de demandas do colectivo: a difícil empregabilidade das persoas con TEA se non se conta con medidas de apoio específicas e as dificultades para as nosas entidades sobre os trámites das convocatorias públicas para a promoción do emprego e formación.

Achegas á "Axenda de capacidades".

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Incidencia ante a Consellería de Sanidade para a mellora do diagnóstico específico en TEA.

Incidencia para a accesibilidade no proceso de vacinación para as persoas con TEA.

Participación no "Consello Asesor de pacientes".

PARLAMENTO DE GALICIA

Traslado de demandas do colectivo a grupos políticos con representación Parlamentaria.

VALEDOR DO POBO

Achegas en relación ás necesidades das persoas con TEA.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN

Incidencia e aportacións ao novo Decreto de atención á diversidade.

Participación no grupo de traballo de "Entidades representantes do alumnado con necesidades educativas especiais".

Constitución da comisión de traballo "Educación especializada FAG".

Participación en entidades de terceiro nivel: Confederación Autismo España, CERMI Galicia e EAPN-Galicia.

CONFEDERACIÓN AUTISMO ESPAÑA

COMISIÓN DE DIRECTIVOS

Comisión de directivos: Mercedes Fernández Angulo no cargo de Secretaria da Xunta directiva da CAE

Accións para a procura de novas fontes de financiación

Análise e estudo comparativo sobre recursos específicos nas distintas CCAA.

Accións para a obtención de fondos europeos de recuperación.

COMISIÓN DE DEREITOS

Participación estudo sobre "Atención temperá e TEA".

Participación no estudo comparativo sobre prestacións entre CCAA.

Participación no grupo de "Capacidade Xurídica das persoas con TEA"

COMISIÓN DE EDUCACIÓN

Participación e xestión do estudo "Situación do alumnado con TEA en España".

COMISIÓN DE COMUNICACIÓN

Xestión de campañas de concienciación: DMA Asperger 2022, DMCA 2022, Campañas axendas compartidas.

Estudo para a mellora do impacto nos programas de incidencia social.

Accións de mellora da marca #AutismoEspaña.

COMISIÓN DE ACCESIBILIDADE COGNITIVA

Participación no grupo de traballo sobre validadores da accesibilidade cognitiva.

COMISIÓN DE EMPREGO

Incidencia para a modificación do Decreto de emprego con apoio.

COMISIÓN DE SAÚDE

Participación no estudo sobre O estado de saúde da poboación con TEA.

Participación no estudo sobre Benestar emocional e Saúde Mental Infantoxuvenil.

Incidencia política e interlocución coa EAPN GALICIA

XUNTA DIRECTIVA

Actividade de tesoureiría.

Articulación de canles de demandas do terceiro sector social galego e Incidencia coa Consellería de Política Social.

Flexibilización da xestión de subvencións e convenios.

Interlocución nas propostas sobre Vivenda e exclusión social.

Interlocución para achegas ao deseño dos proxectos de Fondos europeos de reconstrución.

Accións de representación institucional da entidade.

Interlocución con grupos parlamentarios ante as eleccións ao Parlamento de Galicia.

COMISIÓN DE COMUNICACIÓN

Accións de comunicación da actividade da entidade: Encontro galego de participación e cidadanía inclusiva, Campaña X Solidario, Campaña "EmerxenciaVivenda".

Incidencia política e interlocución coa CERMI GALICIA

MEMBROS DO COMITÉ EXECUTIVO DE CERMI-GALICIA.

Estudo e incidencia para a defensa das demandas do colectivo da discapacidade ante as Consellerías de Política Social, Educación, Economía e emprego e Sanidade.

Coordinación co CERMI Estatal

COMISIÓN SOCIOSANITARIA

Estudo e informe de demandas para a coordinación sociosanitaria.

COMISIÓN DE MULLER

Organización do V Foro estatal de mulleres con discapacidade

COMISIÓN DE DEPORTE

Estudo análise sobre as barreiras para a participación en actividades deportivas das persoas con discapacidade.

A Federación Autismo Galicia forma parte da nova Xunta directiva da Confederación Autismo España da man da súa presidenta Mercedes Fernández Angulo.

Autismo España en Asemblea Xeral Extraordinaria elixe á presidenta da Federación Autismo Galicia como secretaria na súa nova Xunta Directiva que terá como principal función velar polo cumprimento do novo Plan estratéxico 2022-2025.

Os demais membros que compoñen a nova xunta directiva da confederación son Mercedes Molina Montes, vicepresidenta da Federación Autismo Andalucía (vicepresidenta); Mercedes Fernández Angulo, presidenta da Federación Autismo Galicia (secretaria); Susana Guri Agradós, presidenta de Autismo Segovia (tesoureira); e os vogais Manuel Nevado Ojeda, presidente da Federación Autismo Madrid; Miguel Serra Heras, vicepresidente da Fundació Autisme Mais Casadevall e membro do seu padroado; e Pedro Ugarte Beira, presidente da Federación Española de Autismo (Fespau).



A nova Xunta Directiva de Autismo España terá que velar polo cumprimento do novo Plan estratéxico 2022-2025, unha ambiciosa folla de ruta que guiará as accións da Confederación durante o próximos catro anos e que sitúa no centro de todas as actuacións ás persoas con trastorno do espectro do autismo (TEA) e as súas familias, así como ás entidades do movemento asociativo do autismo, con independencia da vinculación directa coa organización.

PROXECTO RUMBO

Cara a un modelo de autonomía persoal conectada e inclusiva.

O proxecto Rumbo pretende implementar un novo modelo de apoio á autonomía persoal e ao coidado de persoas con discapacidade, especialmente aquelas con maiores necesidades de apoio, mediante a combinación de servizos e recursos, impulsando a vida independente e facilitando formas de vida inclusivas en condicións de seguridade, accesibilidade e benestar.

É un proxecto que nace da agrupación de 5 grandes Asociacións representativas do ámbito da discapacidade en España (COCEMFE, CONFEDERACIÓN ASPACE, CONFEDERACIÓN AUTISMO ESPAÑA, FEDACE e PREDIF).

Esta iniciativa xorde grazas a unha convocatoria do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno de España, a través dos Fondos Next Generation da UE.

O obxectivo do Proxecto RUMBO é xerar solucións innovadoras facilitando proxectos de vida independente e participación plena na vida comunitaria a través de



solucións tecnolóxicas que permitan a adecuación da vivenda e a súa contorna ás súas necesidades, así como doutros apoios necesarios.

O proxecto RUMBO abordará diferentes accións para a consecución do obxectivo establecido:

Estudo e detección de necesidades e expectativas dos diferentes colectivos. Revisión e potenciación do servizo de asistencia persoal.

Deseño e implantación de experiencias piloto, na vivenda propia ou en servizos residenciais para favorecer a autonomía, toma de decisións e vida independente das persoas con discapacidade, especialmente aquelas con grandes necesidades de apoio. Incorporación de novas tecnoloxías para favorecer a vida independente das persoas con discapacidade.

Prestación de servizos terapéuticos sociosanitarios de proximidade. Implantación de accións de empoderamento e participación cidadá de persoas con discapacidade.



PROGRAMA DE INCIDENCIA SOCIAL

Funcionamos como dinamizadores da comunicación entre o tecido asociativo, atentas ás súas necesidades. Somos atención e servizo, facilitadores e promotores de cambio, xerando tamén canles de intercambio e coñecemento.

Desde o programa de incidencia social lévanse a cabo proxectos de sensibilización social, información e difusión, trátase de dar respostas adaptadas ás necesidades dos grupos de interese da Federación Autismo Galicia: persoas con TEA e as súas familias, profesionais e axentes clave.

É necesario seguir traballando na liña de sensibilización e coñecemento dos TEA, en todos os ámbitos e tamén na relación cos medios de comunicación.

A Federación Autismo Galicia polo seu traballo e traxectoria aspira a ser un referente dentro da comunidade e a nivel nacional, a constituírnos como interlocutor de referencia en Galicia, tanto para as familias, como para as entidades e administración.

A nosa tarefa é contribuír a xerar unha mirada máis ampla e profunda ao redor da singularidade das persoas con trastorno do espectro do autismo e poder ampliar o coñecemento naqueles sectores profesionais vinculados á mellora da calidade de vida das persoas con TEA e das familias.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- 1 Deseño, implementación e desenvolvemento de campañas anuais de concienciación sobre temas específicos.
- 2 Elaboración e difusión interna de clipping diario sobre a actividade da Federación e entidades federadas.
- 3 Contacto cos medios de comunicación. Realización de notas de prensa, publicacións, e comunicados sobre temas de interese para o colectivo.
- 4 Deseño, implementación e posta en marcha dunha estratexia para a concienciación sobre o autismo en Galicia.
- 5 Coordinación dos equipos de comunicación das entidades federadas e FAG.
- 6 Potenciación da páxina autismogalicia.org como referente para a información sobre o autismo e as entidades específicas en Galicia: Deseño de proceso de coordinación de axendas con entidades federadas. Ampliación de contidos de información sobre o TEA.
- 7 Webmaster e marquetin social en páxina web de Accesibilidade cognitiva da Federación Autismo Galicia.
- 8 Elaboración de material corporativo e divulgativo. Deseño e comunicación externa dos distintos programas da área de programas da Federación Autismo Galicia.
- 9 Xestión e publicación do Boletín mensual INFO-AUTISMOGALICIA.

PROXECTO HUB COMUNICACIÓN

A **Comisión de Comunicación** xorde como necesidade de coordinar e fortalecer as campañas do colectivo e todas aquelas accións de incidencia e repercusión social. Buscando ser o referente principal en Galicia de Concienciación sobre o Autismo e defender e reivindicar os dereitos das persoas con TEA e as súas familias.

As responsabilidades da Comisión de Comunicación son o apoio e desenvolvemento de ACCIÓNS DE COMUNICACIÓN conxuntas representativas de todo o colectivo, CUN ENFOQUE DE DEREITOS E CAUSAS COMPARTIDAS.




OBJECTIVOS

A comisión está conformada por entidades membro da Federación Autismo Galicia, e reúnese unha vez ao mes.

1

Crear sinerxías e aumentar a difusión de todas as actividades das entidades. Promover unha comunicación aberta, e interactiva tanto externa como interna de todas as nosas iniciativas.



2

Creación de campañas e accións de sensibilización e concienciación comúns a todo o colectivo.

A articulación e coordinación de campañas a nivel autonómico, e o deseño de ferramentas para artellar unha resposta máis áxil e consensuada perante as demandas informativas, así como a colaboración e deseño de eventos ou xornadas de interese en materia de comunicación.

3

Promover a cooperación, incluíndo o compartir, o intercambio de coñecementos e a realización de proxectos conxuntos.



DÍA INTERNACIONAL DA SÍNDROME DE ASPERGER

ACTO INSTITUCIONAL da FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA

XORNADA:
"Fomento da participación social nas persoas con Asperger."

19 de Febreiro do 2022
Hora: 11:00h a 13:30h
Evento Online



#HazEspacio



Obtiven o meu diagnóstico de Trastorno de Espectro do Autismo a raíz do diagnóstico do meu fillo.

O diagnóstico precoz é a clave para acceder canto antes a unha atención específica e especializada, que resulta esencial para favorecer a calidade de vida das persoas con TEA.

ISTO É TEA

#emerXenciaSOLIDARIA

Cando marcas a X SOLIDARIA, a casaña destinada a fins sociais na túa declaración da renda, as persoas con AUTISMO e as súas familias, poden disfrutar dunha mellor calidade de vida con programas de respiro familiar, autonomía persoal e inclusión socio laboral. AUTISMO GALICIA.

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS

- Coordinación da Campaña ISTO É TEA.
- Coordinación da axenda de contidos anual e participación das entidades en publicacións de días percha de interese divulgativo para o colectivo TEA.
- Coordinación de campañas de incidencia social
Campaña ISTO É TEA
Campañas do Día Mundial Asperger coa rede de entidades.
Campañas do Día Mundial Autismo coa rede de entidades.
Campaña X Solidaria e colaboración en liña coas accións de EAPN Galicia coa rede de entidades.
Campaña Día da Discapacidade coa rede de entidades.
- Análise da Estratexia para a concienciación do Autismo en Galicia.
- Colaboración coa Confederación AUTISMO ESPAÑA e planificación dos puntos de interese do plan estratéxico de comunicación e Plan de Acción.

Metodoloxía empregada: 12 reunións de carácter mensual para a coordinación e execucións de actividades conxuntas. Traballo con ferramentas compartidas online.

Persoas destinatarias: Colectivo TEA, persoas con TEA a as súas familias. Asociacións da Federación Autismo Galicia, colaboradores e interesados.

Difusión efectuada: Todas as actividades con accións de difusión externa da Comisión de Comunicación da Federación Autismo Galicia HUB, publícanse en todas as canles propias da Federación: Facebook, TW, Instagram, LinkedIn, eventualmente en Youtube.



PROXECTO CAMPAÑA ISTO É TEA

O deseño desta campaña forma parte da **estratexia para a concienciación sobre o autismo en Galicia**. A pesar dos esforzos realizados e os avances acadados, o autismo non é suficientemente coñecido. Esta particular forma de procesar a información e situarse no mundo non é coñecida coa profundidade necesaria para procurar espazos sociais inclusivos para todas as persoas.

Contidos: As distintas accións tentan abarcar os distintos perfís dentro do espectro. Tanto no eido educativo, laboral, o lecer, o familiar, a saúde, a vida nas residencias, como todas aquelas capacidades e necesidades de apoio susceptibles de ser visibilizadas. Os contidos xorden da reflexión e a súa aplicación atopando as canles apropiadas para a sensibilización e para dar a coñecer a realidade do TEA en toda a súa complexidade.

ISTO É TEA, parte dunha reflexión conxunta da Comisión de Comunicación HUB, para dar como resultado unha campaña divulgativa formada por diferentes accións en distintos formatos, que pretende concienciar e dar a coñecer o Trastorno do Espectro do Autismo tentando abarcar todas as súas diferentes manifestacións.

TESTEMUÑAS DA CAMPAÑA ISTO É TEA 2022

Son MARIOLA teño autismo e estou buscando un emprego.

Son ANA e diagnosticáronme TEA.

Son Xan, teño autismo e discapacidade severa.

Son Alba, teño autismo e TDAH.

Son Rula, tiven o meu diagnóstico de Autismo a raíz do diagnóstico do meu fillo.

Son RAMÓN, teño AUTISMO e recoñecido o 37% de discapacidade.

Son Xaquín, teño autismo e traballo nunha empresa de carpintería.


Son Pablo, teño 24 anos, diagnóstico de TEA e discapacidade intelectual.



Son Carolina, teño autismo e son xorda. Vivo nunha residencia para persoas adultas con autismo e ninguén nota que non os pode oír.



Son Mario, teño 31 anos e vivo nunha residencia. Teño TEA e Discapacidade Intelectual Severa con graves problemas para a comunicación.



Metodoloxía empregada: 12 reunións de carácter mensual para a coordinación.

Persoas destinatarias: Colectivo TEA, persoas con TEA e as súas familias. Asociacións da Federación Autismo Galicia, colaboradores e interesados.

Difusión efectuada: Número de Accións de difusión, en total realizáronse máis de 150 accións de difusión. Accións de difusión na web da Federación Autismo Galicia, nas RRSS (TW, Instagram, Facebook, LinkedIn YouTube), e Boletín Info Autismo Galicia.

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS

10
ARTIGOS
PARA A WEB

10
VÍDEOS
EN 2022

10
DOCUMENTOS
DESCARGABLES

10
STORYTELLING
PARA RRSS

Detección e Diagnóstico

CALENDARIO 2023



autismoGALICIA
#DiagnósticoAutismo



PROXECTO

Calendario AUTISMO GALICIA 2023

12 testemuñas que demostran que é necesario seguir traballando na liña de sensibilización e coñecemento do autismo. Para asegurar un adecuado recoñecemento do autismo é fundamental a súa detección precoz e o diagnóstico adecuado, de forma que se garantan os apoios necesarios para promover a súa participación e inclusión social.

O CALENDARIO 2023 pon o foco na incidencia da IMPORTANCIA DA DETECCIÓN e DIAGNÓSTICO do TEA.

Un proxecto dedicado á Información e Sensibilización que xorde ante a necesidade de pór o foco as necesidades e realidade das persoas con TEA, contribuíndo a xerar unha mirada máis ampla e profunda en torno á súa singularidade.

Temos que incidir na necesidade do acceso a unha valoración diagnóstica especializada realizada por un equipo interdisciplinar, gratuíta e no menor tempo posible,

para todas as persoas que presenten unha sospeita de TEA, con independencia da etapa da vida na que se produza a identificación das súas características.

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS

Coordinación de contidos coas distintas entidades federadas.

Elaboración e deseño das imaxes e do calendario Autismo Galicia.

Maquetación do calendario Autismo Galicia.

Publicación en web do calendario.

Creación do vídeo do calendario.

Elaboración do calendario descargable vía online.

Difusión e distribución.

Número de exemplares: Realízanse e distribúense 1000 exemplares.

Persoas destinatarias: Colectivo TEA, persoas con TEA e as súas familias. Asociacións da Federación Autismo Galicia, colaboradores e interesados.

Difusión efectuada: Nas canles da FAG: Facebook, TW, Instagram, LinkedIn, eventualmente en Youtube. Mailing a axentes e organismos de interese e distribución ás entidades e familias.

1.000
EXEMPLARES
DISTRIBUIDOS

VÍDEO: Calendario Autismo Galicia



PROXECTO

Boletín INFO-AUTISMO

O Boletín Info-AUTISMO-GALICIA ten como obxectivo ser un espazo de información dende as entidades membro da REDE AUTISMO GALICIA, para toda persoa ou entidade interesada en coñecer as últimas novas.

Este boletín forma parte dun proxecto máis amplo dentro da estratexia de comunicación que estamos levando a cabo desde Autismo Galicia, e que persegue, entre outros, reforzar a comunicación coas entidades socias, así como afianzar a presenza da organización e as súas entidades socias a nivel externo e difundir información do movemento asociativo do autismo, para dar visibilidade ao colectivo, a súa realidade e necesidades, e tender pontes entre as familias, as persoas con TEA, a administración pública, terceiro sector, profesionais, tecido empresarial, sector académico e científico, etc.

A súa periodicidade é mensual, e difúndese entre as persoas subscritas e as canles de difusión da FAG: RRSS, web, etc.

A publicación ofrece información exclusiva da Rede de entidades e da Federación, dos seus apartados de Axenda de Actividades, Noticia, actualidade Covid, as publicacións do servizo de publicacións e campañas de Incidencia social activas de actualidade.



INFO
CG
autismoGALICIA

AUTISMO GALICIA BOLETÍN QUINCENAL

Actualidade / NOTICIAS

ACTUALIDADE NOTICIAS

O mes de xuño trae da man a **ACCESIBILIDADE COGNITIVA** coa Campaña **XUÑO ACCESIBLE** da Federación Autismo Galicia

A FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA presenta o video da Campaña **#Cóidome: O coidado da miña saúde.**

- O alumnado con autismo aumentou un 8% no último curso escolar. O sistema educativo debe dar resposta á demanda crecente do alumnado con autismo.
- AXUDAS do Fondo solidario de libros e adquisición de libros de texto e material escolar 2022/2023 da Consellería de Cultura, Educación e Universidade
- Axudas para alumnado con necesidade específica de apoio educativo para o curso académico 2022-2023

Son ANA e diagnosticáronme Trastorno do Espectro do AUTISMO. CAMPAÑA ISTO É TEA

Son ANA e diagnosticáronme Trastorno do Espectro do AUTISMO.

Os trastornos do espectro do autismo (TEA) están caracterizados por dificultades na comunicación, a relación social e a presenza de patróns ríxidos de pensamento, conduta ou interese e/ou alteracións sensoriais que condicionan a flexibilidade e a funcionalidade da persoa.

- Información para familias e persoas con TEA: A Xunta de Galicia lanza os Campamentos de Verán para persoas con discapacidade.
- No Día Internacional das Familias lembramos que a familia é a principal fonte de apoio para as persoas con autismo.
- Recomendacións e principios sobre a atención das persoas con TEA no ámbito da ENFERMERÍA.
- Día internacional da Enfermería. A labor da enfermía é primordial e indispensable na atención das persoas con TEA e as súas familias.
- ANÁLISE da nova LEI ORGÁNICA 3/2022, DO 31 DE MARZO, DE ORDENACIÓN E INTEGRACIÓN DA FORMACIÓN PROFESIONAL



PROXECTO Día Mundial da SÍNDROME DE ASPERGER



Autismo Galicia, as súas entidades socias e ASPERGA, celebramos este día como asociacións de referencia en Galicia para as persoas con TEA sen discapacidade intelectual asociada, reivindicando o exercicio efectivo dos seus dereitos e a igualdade de oportunidades.

Acto institucional da Federación Autismo Galicia con motivo do Día Internacional da Síndrome de Asperger e Xornada: O fomento da participación social nas persoas con Asperger.

19 de febreiro de 2022 | 11.00 h

Con motivo do 18 de febreiro, DÍA INTERNACIONAL DA SÍNDROME DE ASPERGER, a Federación Autismo Galicia organiza un acto oficial conmemorativo, coa presenza do Director Xeral de Maiores, Fernando González Abeijón, na compañía da presidenta Federación Autismo Galicia, Mercedes Fernández Angulo, presidenta da Asociación Asperga, Rita González Fernández, e directora da Asociación Asperga, Marisol García Penalta, tratando a importancia da participación social nas persoas con Asperger, as necesidades e realidades que atopa o colectivo.



Neste día queremos falar das necesidades das persoas con Autismo, porque debemos favorecer eses procesos que leven as persoas con TEA a una vida plena e o máis autónoma posible, o acceso das persoas adultas con TEA á independencia respecto do fogar familiar, gozando dos recursos e apoios necesarios para iso e impulsando ás iniciativas que fagan de todo isto unha realidade.



METODOLOXÍA E ACCIÓNS ORGANIZATIVAS:

Organización, coordinación e supervisión do acto Institucional da Federación Autismo Galicia. Redacción dos guións do acto.


Elaboración do guión do acto e escaletas de produción.

Programación e planificación da axenda protocolaria.

Coordinación con medios e prensa, elaboración de notas de prensa, publicacións, difusión e xestión de recursos da actividade. Redacción dos relatorios de presidencia e outros participantes.



Seguemento en directo do acto institucional



OUTRAS ACCIÓNS de SENSIBILIZACIÓN CON MOTIVO DO INTERNACIONAL DA SÍNDROME DE ASPERGER

● Presentación en aberto do vídeo TESTEMUÑA de Fabio Díaz e Andrés García, persoas con autismo, para o #DialInternacionalAsperger.

Participan no vídeo: Samuel Villar Pérez, entrenador equipo Xadrez Menela Ana Moure Arias, terapeuta do Servizo de Atención Temperá e Apoio Integral Fabio Díaz Comesaña e Andrés García García, membros do equipo de Xadrez Menela.

As persoas con síndrome de Asperger (trastorno do espectro do autismo sen discapacidade intelectual asociada nin dificultades en aspectos formais da linguaxe) esfórzanse cada día por encaixar en contornas inflexibles que non se adaptan ás súas características e necesidades. Teñen ilusións, capacidades e ganas de demostrar do que son capaces, pero tamén necesidades específicas que é preciso atender para que poidan participar da sociedade en igualdade de condicións.

 **VÍDEO: TESTEMUÑAS / Fabio e Andrés**

● Presentación en aberto do vídeo TESTEMUÑA de María José Ramos Gutierrez, persoa con autismo, para o #DialInternacionalAsperger.

Participan no vídeo: María José Ramos Gutiérrez, persoa con SA/TEA da Asociación Aspanaes.

Preténdese concienciar á cidadanía do potencial das persoas con síndrome de Asperger, é dicir, das súas capacidades (ás veces vistas pola sociedade de maneira errónea, con admiración polas súas habilidades extraordinarias para certas actividades ou o seu amplo coñecemento nos temas que son do seu interese); pero tamén das barreiras ou dificultades ás que se teñen que enfrontar no seu día a día pola súa condición (dificultades de interacción social, de comprensión, de adaptación, etc.).

 **VÍDEO: TESTEMUÑAS / María José**

● A Conselleira de Política Social, Fabiola García Martínez visita o centro de Recursos de Alcarbe de Fundación Menela.

O 18 de febreiro contamos tamén coa presenza da Cosellería de Política Social e Xuventude, Fabiola García Martínez acompañada da delegada territorial da Xunta na cidade olívica, Marta Fernández-Tapias. Xunto con representantes da Federación Autismo Galicia e Fundación Menela fixeron unha vista ao centro cuxa remodelación foi financiada por Política Social e Xuventude, na compañía de Mercedes Fernández Angulo, presidenta da Federación Autismo Galicia, Cipriano Luis Jiménez Casas, director xeral de Fundación Menela.

Ao finalizar o acto Yeray Daniel González, Gabriel Gil Bastos, Miguel Bugarín Peixoto, Rubén Bargiela Sierpes, Fabian Da Silva Alonso, persoas con Síndrome de Asperger da Fundación Menela que participan no curso de Auxiliar de Cociña Rápida, achegaron as súas experiencias e coñecementos adquiridos, e invitaron a uns petiscos preparados por eles.

ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN E INFORMACIÓN SOBRE O SA/TEA.


● Conferencia Sexualidade e TEA. Actividade con motivo do DÍA INTERNACIONAL DA SÍNDROME DE ASPERGER 2022.

A Asociación Asperga en colaboración coa Federación Autismo Galicia organiza a Conferencia "Sexualidade e TEA"

Con motivo da celebración do Día da síndrome de Asperger, a Asociación Asperga en colaboración coa Federación Autismo Galicia organiza o día 26 de febreiro a Conferencia "Sexualidade e TEA" a cargo de Sira Cerviño, Terapeuta ocupacional da Asociación Asperga.

Nesta charla abordáronse cuestións básicas relacionadas coa sexualidade, afectividade e o desenvolvemento sexual desde a infancia ata a adolescencia, explicando un pouco as características principais de cada etapa e como podemos actuar para favorecer o mellor desenvolvemento afectivo-sexual nos nosos/ as fillos/ as.

26 de febreiro de 2022
12.00 -13.00 h



● Campaña "FAI ESPAZO" ÁS PERSOAS CON SÍNDROME DE ASPERGER

Facemos un chamamento á cidadanía para comprender e promocionar a súa participación na sociedade en igualdade de condicións.

"Fai espazo" para poñer de manifesto o esforzo que o colectivo leva a cabo cada día por encaixar en contornas inflexibles que non se adaptan ás súas características e necesidades.

Difusión da campaña: Realízanse accións de difusión, tanto na web da Federación Autismo Galicia como nas súas RRSs (TW, Instagram, Facebook, YouTube), e no seu boletín quincenal.

VÍDEO: FAI ESPAZO




32.778.770
AUDIENCIA EN MEDIOS

2602
ACCIÓNS DE DIFUSIÓN

02 ABR.

PROXECTO Día Mundial do AUTISMO



Baixo o lema «Unha feliz viaxe pola vida», a campaña do Día Mundial de Concienciación sobre o Autismo 2022 pon o foco no dereito das persoas con trastorno do espectro do autismo (TEA) e as súas familias para gozar dunha vida feliz.

CAMPAÑA

UNHA FELIZ VIAXE POLA VIDA

Acto institucional da Federación Autismo Galicia con motivo do Día Internacional do Autismo.

O movemento asociativo da Federación Autismo Galicia, conmemora o DÍA MUNDIAL DA CONCIENCIACIÓN DO AUTISMO. Baixo o lema «Unha feliz viaxe pola vida», a campaña do Día Mundial de Concienciación sobre o Autismo 2022 pon o foco no dereito das persoas con trastorno do espectro do autismo (TEA) e as súas familias para gozar dunha vida feliz.

Na presentación oficial do acto contamos coa presenza de Jacobo Rey Sastre, Director Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Xunta de Galicia.

Na xornada interviron a presidenta da Federación Autismo Galicia, Mercedes Fernández Angulo, Cipriano Luis Jiménez Casas, director xeral da Fundación Menela, Juan Jesús Gestal Otero. Profesor emérito de Medicina Preventiva e Saúde Pública da USC, Ana M. Castro-Martínez. Doutora en Dereito e presidenta de IN.XURGA.

Xurxo Mariño do Departamento de Fisioterapia, Medicina e Ciencias Biomédicas. Universidade da Coruña. Adriana Pazos Ottón, Responsable de Comunicación e Incidencia Social da Federación Autismo Galicia. Ana Luengo Palomino. Profesora titular de Literatura na Universidade Estatal de San Francisco e Conchi Muíña Romay e Nuria Sánchez Muíña, coautoras de «Onde o tempo non funciona». PANUC.

E para rematar unha HOMENAXE A MIGUEL GALLARDO, recentemente falecido, amigo da Federación Autismo Galicia, no que interviron María Soledad García Penalta, membro da Xunta directiva da Federación Autismo Galicia en representación da Asociación Galega de Asperger, ASPERGA e Isabelle Touton. Profesora titular na Universidade Bordeaux-Montaigne.



● Estrea streaming do vídeo DMA:

Trasmisión streaming do acto oficial da FAG con motivo do Día Mundial da Concienciación sobre o Autismo.

A Federación Autismo Galicia reivindica unha mellora na calidade de vida para as persoas con TEA no ACTO OFICIAL do DÍA MUNDIAL DA CONCIENCIACIÓN SOBRE O AUTISMO 2022, que contou con máis de 1000 persoas de audiencia.

A presidenta da Federación Autismo Galicia, Mercedes Fernández Angulo agradece a presenza no acto oficial polo Día de Concienciación do Autismo de Jacobo Rey Sastre, Director Xeral de Familia, e das relatoras e relatores que nos acompañaron na xornada. #DíaMundialAutismo #HazFeliz

OUTRAS ACCIONS DE DIFUSIÓN E CONCIENCIACIÓN SOBRE O DÍA MUNDIAL DO AUTISMO

● A Federación Autismo Galicia contactou cos centros educativos de toda Galicia, facilitando material educativo e actividades da Campaña #HazFeliz para traballar nas aulas. #DíaMundialAutismo

Máis de 1500 colexios e centros educativos en Galicia dispuxeron dos materiais de traballo enviados por Autismo Galicia para sumarse a campaña do DÍA MUNDIAL DO AUTISMO.

Nos centros educativos, as aulas, os e as profesionais da educación contribuíron a mellorar o coñecemento sobre o autismo entre o alumnado, favorecendo así a crear unha sociedade máis xusta, solidaria e respectuosa coa diversidade.

A comunidade educativa é un axente clave no Día Mundial de Concienciación sobre o Autismo pola súa capacidade para promover actividades entre o alumnado que contribúen a visibilizar o trastorno do espectro do autismo (TEA) e a entender a diversidade de capacidades existente na sociedade.

No marco desta campaña, propuxéronse ao profesorado actividades para realizar co seu alumnado, adaptándoas en función do nivel educativo.



▶ VÍDEO: DÍA MUNDIAL AUTISMO / Ana Luengo



▶ VÍDEO: DÍA MUNDIAL AUTISMO / Isabelle Touton

CAMPAÑA


FAI UN XESTO.

Nestes días levouse a cabo unha campaña en redes sociais onde as familias e persoas con TEA das nosas entidades encheron as redes cos seus testemuños compartindo que é para eles e elas «Unha feliz viaxe pola vida», e tamén incidindo nos apoios e servizos específicos que necesitan para ter unha vida feliz e que pode facer a cidadanía para contribuír a mellorar a calidade de vida das persoas con autismo

As entidades da Federación Autismo Galicia súmanse a campaña polo Día Mundial de Concienciación sobre o Autismo, xerando una marea de testemuños de felicidade das persoas con TEA

Vídeo testemuñas:

Baixo o lema «Unha feliz viaxe pola vida» queremos facer comprender á cidadanía o dereito das persoas con trastorno do espectro do autismo (TEA) e as súas familias para vivir unha vida feliz.





Persoas destinatarias: Colectivo TEA, persoas con TEA a as súas familias. Asociacións da Federación Autismo Galicia.

Difusión efectuada: Difusión en RRSS do contido incluíndo os hashtag #EmpresasConImpacto e/o #CasillaEmpresaSolidaria e mencionando a @CasillaEmpresa en Twitter e Casa Empresa Solidaria en LinkedIn

VÍDEO: CERMI Galicia.

CAMPAÑA Día da DISCAPACIDADE

A Federación Autismo Galicia participa no acto do 3 de decembro do CERMI Galicia, polo Día das Persoas con Discapacidade.

O Parlamento de Galicia albergou o venres 3 de decembro, da man do Comité Español de Representantes de Persoas con Discapacidade (CERMI) en Galicia, a celebración dun acto institucional conmemorativo do Día Internacional das Persoas con Discapacidade.

O presidente da Cámara, Miguel Ángel Santalices Vieira, recibiu a representación de CERMI lembrando que “as portas do Parlamento de Galicia están permanentemente abertas para calquera persoa ou colectivo” e de maneira particular “para quen necesita atención especial por parte dos poderes públicos”.

No acto conmemorativo no Parlamento de Galicia estivo presente a presidenta da Federación Autismo Galicia, Mercedes Fernández Angulo, dúas persoas representantes de CERMI Galicia deron lectura a un manifesto. Tamén tomaron a palabra o presidente de CERMI Galicia e maila conselleira de Política Social e Xuventude da Xunta.

Desde Autismo Galicia con motivo do 3 de decembro de 2021, Día Internacional e Europeo das persoas con discapacidade, subscribimos o referenciado no Manifesto do CERMI polo día da discapacidade.

Participación no vídeo conmemorativo do CERMI Galicia: NO ES UN PRIVILEGIO, ES UN DERECHO. Durante o acto, fíxose a estrea dun vídeo conmemorativo que conta, a través de testemuños e experiencias de persoas con discapacidade. Este ano o vídeo da campaña, #noesunprivilegioesunderecho céntrase no dereito á accesibilidade universal de todas as persoas con discapacidade.

Apoio á iniciativa CAMPAÑA BAIXO UN MESMO PARAGUAS.

Publicación e difusión das reivindicacións do colectivo TEA.



CAMPAÑA X SOLIDARIA #EmerxenciaSolidaria

Acto Oficial da X SOLIDARIA en Santiago de Compostela o 8 de Abril 2022.

As entidades sociais galegas piden o apoio das persoas contribuíntes na Declaración da Renda. Co recadado na anterior campaña, 141 organizacións de acción social puideron levar a cabo máis de 500 proxectos que beneficiaron de xeito directo a 105.000 persoas. GRAZAS A #XSOLIDARIA a Federación Autismo Galicia e as súas entidades puideron desenvolver programas e proxectos que BENEFICIARON a MÁIS DE 2.255 PERSOAS.

As entidades sociais galegas reuníronse nun acto que tivo lugar na Praza da Quintana co fin de presentar a nova campaña informativa a favor de marcar a 'X Solidaria'. No acto interviron Luciano Fernández, presidente do CERMI Galicia, Xesús Vilas, presidente da Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia e Patricia Blanco, xerente de Autismo Galicia e tesoureira de EAPN Galicia-Rede Europea contra a Pobreza.

Trending Topic das entidades da EAPN Galicia Campaña X Solidaria.

Campaña X Solidaria #EmerxenciaSolidaria FAG

VIDEO Isto é o que ocorre cando marcas a #XSOLIDARIA

Campaña Estatal X Solidaria e X Solidaria Empresas

Grazas ás persoas que marcaron o X Solidario, no 2021 **141 organizacións de acción social de toda Galicia levaron a cabo máis de 500 proxectos** que beneficiaron de xeito directo a un mínimo de **105.000 persoas**.

No 2021 conseguimos que case **6 de cada 10 galegos e galegas marcaran o recadro do X Solidario**, 8.000 máis que en 2020. Recadáronse case **20 millóns de euros**, 2 máis que no ano anterior.




VÍDEO: XSolidaria



7.301

ALCANCE EN PERSOAS DURANTE A CAMPAÑA EN TWITTER

9.227

ALCANCE EN PERSOAS DURANTE A CAMPAÑA EN FACEBOOK





Persoas destinatarias: Colectivo TEA, persoas con TEA e as súas familias. Asociacións da FAG.

Difusión efectuada: Un total de 400 accións de difusión nas canles de difusión da Federación. Facebook, TW, Instagram, LinkedIn e Youtube

CAMPAÑAS SENSIBILIZACIÓN E INCIDENCIA SOCIAL

Campañas de sensibilización e incidencia de temas de relevancia para o colectivo TEA que visibilizan as súas necesidades e demandas. Desenvólvense distintas accións de difusión tanto na web da FAG como nas súas RRSS (TW, Instagram, Facebook, YouTube) e no seu Boletín quincenal.

DÍA MUNDIAL DA LOITA CONTRA A DEPRESIÓN.

13 de xaneiro, os trastornos mentais máis frecuentes que sofren as persoas con Autismo son os trastornos do estado de ánimo, depresión e ansiedade, que o presentan o 57% do colectivo.

NON VIOLENCIA NA AULA PARA O ALUMNADO CON TEA. POR UNHA CULTURA DE NON VIOLENCIA E PAZ NOS CENTROS EDUCATIVOS.

30 de xaneiro, desde Autismo Galicia instamos a que se garanta a atención educativa ao alumnado con TEA e que leven a cabo medidas de detección e protección das persoas con TEA. O plan estratéxico de Convivencia Escolar ten que implementarse na súa integridade, é responsabilidade de todos transmitir unha mensaxe de tolerancia cero.

DÍA INTERNACIONAL DA EPILEPSIA, UN DOS TRASTORNOS NEUROLÓXICOS ASOCIADOS MÁIS FRECUENTE NAS PERSOAS CON TRASTORNO DO ESPECTRO DO AUTISMO.

O 8 de febreiro celébrase o día internacional da epilepsia. É un día para dar visibilidade a esta alteración e as dificultades que teñen máis de 50 millóns de persoas. Moitos estudos identifican a alta prevalencia de epilepsia con TEA, chegando a estimar entre 2 % e 46 %, dependendo da idade ou criterios diagnóstico.

8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DA MULLER. A FALTA DE PERSPECTIVA DE XÉNERO NOS PROCESOS DE DETECCIÓN E DIAGNÓSTICO TEN GRAVES CONSECUCIÓNS PARA AS NENAS E MULLERES CON TEA

Instamos este 8 de marzo a garantir a mellora na detección e o diagnóstico do TEA, e que as políticas, actuacións e sistemas de apoio que se desenvolvan para dar resposta ás necesidades do colectivo incorporen de maneira efectiva a perspectiva de xénero e a situación das mulleres con TEA.

NO DÍA DA CONVENCIÓN INTERNACIONAL SOBRE OS DEREITOS DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE, O CERMI PON O FOCO NA INFANCIA CON DISCAPACIDADE.


3 de maio, segundo a última información estatística dispoñible en España hai 106.300 menores de entre seis e quince anos que presentan algunha discapacidade, 70.300 nenos e 36.000 nenas.

NO DÍA INTERNACIONAL DAS FAMILIAS LEMBRAMOS QUE A FAMILIA É A PRINCIPAL FONTE DE APOIO PARA AS PERSOAS CON AUTISMO.

15 de maio, Autismo Galicia insta á necesidade de que se teña en conta a realidade de moitas persoas con TEA e as súas familias e que as políticas sociais e de apoio sexan de calidade, con medidas que lles permitan conciliar a vida familiar e laboral, que eviten situacións de sobrecarga e que incorporen sistemas integrais de apoio.

DÍA DA ATENCIÓN TEMPERÁ. POLO DEREITO A UNHA ATENCIÓN TEMPERÁ ESPECIALIZADA QUE GARANTA A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES PARA TODAS AS PERSOAS CON TEA

16 de xuño, no día da atención temperá, Autismo Galicia reivindica que a protección e o apoio a infancia con discapacidade ten que ser un dos obxectivos prioritarios das administracións públicas.



O SUICIDIO, SEGUNDA CAUSA DE MORTE EN PERSOAS ADULTAS CON AUTISMO SEN DISCAPACIDADE INTELECTUAL.

Son numerosos os estudos que apuntan a que dúas de cada tres persoas diagnosticadas de trastorno do espectro do autismo na idade adulta contemplaron o suicidio nalgún momento das súas vidas.

AS BARREIRAS EXISTENTES NAS CONTORNAS EDUCATIVAS SEGUEN XERANDO DESIGUALDADES DO ALUMNADO CON TRASTORNO DO ESPECTRO DO AUTISMO CON RESPECTO AO RESTO DO ALUMNADO.

Dous de cada tres estudantes con autismo din ser felices na escola aínda que a súa inclusión está lonxe de ser unha realidade. Son datos da investigación de Autismo España na que se recolleu a opinión de 1.100 profesionais, familias e estudantes con autismo de 18 comunidades e cidades autónomas.

DÍA MUNDIAL DA TERAPIA OCUPACIONAL, POR UN MODELO DE INTERVENCIÓN CENTRADO NA PERSOA E A FAMILIA.

O Día 27 de outubro día da Terapia Ocupacional. A Terapia Ocupacional (TO) defínese como unha profesión que se ocupa da promoción da saúde e o benestar a través da ocupación. O obxectivo principal da TO é capacitar ás persoas para participar nas súas actividades da vida diaria, e maximizar o potencial individual en todos os eidos mediante o uso de actividades terapéuticas.

NO DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA E O ACOSO ESCOLAR REIVINDICAMOS PROGRAMAS DE PREVENCIÓN E AUTODETECCIÓN DO BULLYING ADAPTADO AO ALUMNADO CON AUTISMO.

O alumnado con TEA a miúdo experimenta situacións de acoso escolar, chegando un 80% en caso de o alumnado que non ten discapacidade intelectual asociada: a forma máis común é o illamento e a exclusión social. Especialmente, as mozas mostran máis dificultades para identificar o acoso.

CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DA INFANCIA, A FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA LEMBRA A NECESIDADE DA DETECCIÓN TEMPERÁ E INTERVENCIÓN ESPECIALIZADA EN TEA.




O desafío que o incremento da prevalencia implica, fai necesario establecer medidas para a súa abordaxe, incidindo en propostas de mellora sobre a detección precoz, a coordinación dos distintos ámbitos implicados na atención, no diagnóstico e a avaliación interdisciplinar, para ofrecer unha intervención integral e específica, e potenciar as capacidades na etapa infantil.

NO DÍA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO, AUTISMO GALICIA LEMBRA QUE AS MULLERES E NENAS NO ESPECTRO DO AUTISMO SON ESPECIALMENTE VULNERABLES ANTE AS DISTINTAS FORMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO.

A violencia contra as nenas e mulleres con autismo é unha realidade invisibilizada. Máis do 40% das mulleres con discapacidade sufriu violencia na parella ao longo da vida, en comparación co 32% das mulleres sen discapacidade.

FAG DESÉXAVOS FELICES FESTAS E FELIZ ANO NOVO 2023!

As nosas entidades, familias e persoas con TEA, profesionais, as nosas amigas e persoas todas, desexámosvos un novo ano 2023 cheo de oportunidades para que cada persoa poida desenvolver plenamente as súas capacidades, e que sigan aspirando e defendendo un mundo cada vez mellor para garantir o futuro da sociedade e dos seus cidadáns e cidadás.



22.832

ALCANCE EN PERSOAS DURANTE A CAMPAÑA EN TWITTER

26.527

ALCANCE EN PERSOAS DURANTE A CAMPAÑA EN FACEBOOK



PROGRAMAS DE DIFUSIÓN: Rendemento anual das RRSS da FAG

A través dos medios de comunicación tradicionais, pero tamén dos dixitais, Autismo Galicia leva a cabo unha importante acción de difusión tratando de sensibilizar sobre a nosa realidade.

A Federación Autismo Galicia desexa seguir sendo fonte fidedigna de información e de consulta para os medios de comunicación, para as nosas entidades, para as familias e para a sociedade civil.

Actualmente a nosa actividade de INFORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN faise a través de catro plataformas dixitais: a web da Federación Autismo Galicia, e mantemos unha marcada presenza nas nosas redes sociais, Facebook, Twitter, Instagram, Youtube e LinkedIn.

TWITTER

@AutismoGalicia



A rede utilízase para dar conta das actividades da Federación, así como das súas entidades asociadas. Séguese un ritmo de publicación de tres tweets de media diaria, e os principais temas cos que se traballa son novas relacionadas co mundo da discapacidade e toda a información relacionada coa Federación Autismo Galicia e as súas entidades.

INSTAGRAM

@autismogalicia



No ano 2020 iniciamos a nosa presenza en Instagram, como nova rede social de referencia do noso colectivo. Segundo datos de DataReportal en xaneiro de 2020 Instagram era a sexta rede social máis utilizada a nivel mundial.

FACEBOOK

@federacion.autismo.galicia



A páxina Facebook de Autismo Galicia é unha fonte constante de novas e de INCIDENCIA SOCIAL. O obxectivo pasa por dar maior visibilidade ao colectivo, tratando de chegar a un público interesado nos TEA pero tamén abrindo novas vías para conectar coa sociedade en xeral.

Normalmente, véñense publicando entre un e dous posts diarios entre as 11 da mañá e as 2 da tarde. Os contidos céntranse principalmente nas actividades da Federación Autismo Galicia e as súas entidades e calquera novidade do terceiro sector e o mundo da discapacidade.

YOUTUBE

@autismogalicia



Cos avances das RRSS e a necesidade de recursos máis directos, visuais e testemuñais, a canle de Youtube permítenos traballar con contidos educativos, de formación e sensibilización e máis directos. No ano 2021 traballouse moito esta canle subindo contido de interese dedicado especificamente ao noso colectivo, e creado e deseñado pola Federación Autismo Galicia. Xerando máis de 45 vídeos no ano 2021, sobre as diversas liñas de traballo da Federación Autismo Galicia, con contidos que abarcan a educación, o lecer, os coidados da saúde, contidos de incidencia política e social, etc.

LINKEDIN

@autismogalicia



LinkedIn é un integrador de redes profesionais, unha rede social que pon en contacto a profesionais e empresas, que buscan sinerxías laborais. Importante o posicionamento de Autismo Galicia por ser unha entidade que ofrece servizos e pon en contacto diversos perfís profesionais.

PROXECTO AXENDA DE CONTIDOS RRSS DE INCIDENCIA DO COLECTIVO TEA

A axenda de contidos complétase con campañas menores, para as cales se fan publicacións exclusivas nas RRSS da FAG.

- 1 de maio, Día Internacional do Traballo.
- 1 de outubro, Día Internacional das Persoas de Idade.
- 1 de xuño, Día Mundial das Nais e Pais.
- 2 de maio, Día Mundial contra o Acoso Escolar.
- 5 de outubro, Día Mundial dos Profesionais Docentes.
- 5 de novembro, Día Internacional das Persoas Coidadoras.
- 5 de decembro, Día do Voluntariado.
- 6 de marzo, Día Europeo da Logopedia.
- 6 de outubro, Día Mundial da Parálise Cerebral.
- 7 de abril, Día Mundial da Saúde.
- 8 de setembro, Día Mundial do Periodismo.
- 10 de outubro, Día da Saúde Mental.
- 12 de decembro, Día da Cobertura Sanitaria Universal.
- 16 de marzo, Día Mundial do Traballo Social.

- 16 de novembro, Día Internacional para a Tolerancia.
- 17 de maio, Día das Letras Galegas.
- 19 de marzo, Día do Pai.
- 19 de maio, Día Mundial da Medicina de Familia.
- 24 de febreiro, Día da Psicoloxía.
- 24 de maio, Día da Epilepsia.
- 24 de outubro, Día Contra o Cambio Climático.
- 26 de outubro, Día do Dano Cerebral Adquirido.
- 28 de xuño, Día Internacional do Orgullo LGTBI

Persoas destinatarias: Colectivo TEA, persoas con TEA e as súas familias. Asociacións da FAG, colaboradores e persoas interesadas.

Difusión efectuada: Un total de 400 accións de difusión nas canles de difusión da Federación. Facebook, TW, Instagram, LinkedIn e Youtube.



WEB CORPORATIVA

www.autismogalicia.org

A web Autismo Galicia ofrece unha maior calidade de información, organización dos contidos e facilidade de navegación, novos servizos de información e canles de fluxo de información para nosas entidades. A páxina web é actualizada constantemente destacando o crecemento de visitas.

Orientando a información aos contidos de calidade e referencia no ámbito da saúde, a educación, e os recursos necesarios para a mellora da calidade de vida das persoas con TEA e as súas familias, facilitando unha información contrastada e buscando posicionarnos como rede de referencia e de apoio dentro da comunidade.

Dentro da nova liña de márketing dixital, elaborando campañas novas e frescas, estratexias dixitais de visibilidade e posicionamento dentro das redes sociais, achegando seriedade, proximidade e fiabilidade.

Pretendemos marcar presenza en foros de interese coa elaboración de artigos con contidos fiables e rigorosos, que apoiem o prestixio da nosa marca. Tendo sempre en conta a promoción dunha imaxe positiva do colectivo, e constituírnos como un interlocutor de referencia tanto para as entidades, a Administración, e para as familias e persoas. O noso labor desde o departamento de comunicación é crear e difundir unha mensaxe clara que acabe cos estereotipos, creando instrumentos que faciliten unha linguaxe común.

ACHEGAS DA WEB DA FAG EN 2022

1. MAIOR CALIDADE DE INFORMACIÓN.
2. ORGANIZACIÓN E CREACIÓN DE NOVOS CONTIDOS.
3. FACILIDADE DE NAVEGACIÓN.
4. SERVIZOS DE INFORMACIÓN E CANLES DE FLUXO DE INFORMACIÓN PARA AS NOSAS ENTIDADES.
5. AXENDA DE ACTIVIDADES DE ENTIDADES FEDERADAS
6. REPOSITORIO DE DOCUMENTOS E GUÍAS.
7. INFORMACIÓN DA REDE DE SERVIZOS.
8. MAPA DE LOCALIZACIÓN DAS ENTIDADES.
9. BUSCADOR DE RECURSOS E SERVIZOS DA REDE DE ENTIDADES DA FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA.
10. Proxecto WEB EN REDE / WEB VIVA: A voz da rede. Poñendo en valor a oferta de programación das entidades, os seus servizos e tamén a gran rede de profesionais cos que contamos, convidándovos a participar nas publicacións profesionais da REDE DE ENTIDADES.





XESTIÓN DO COÑECEMENTO E FORMACIÓN

Un dos obxectivos estratéxicos da Federación Autismo Galicia é divulgar coñecemento sobre o TEA. Somos o referente principal en Galicia da concienciación sobre o Autismo en temas de interese para o colectivo.

Traballando sempre co compromiso de ofrecer información actualizada e contrastada dentro do marco da evidencia científica que permita unha maior eficiencia no apoio ás persoas con TEA e ás súas familias.

Participando en congresos, cursos, xornadas de formación onde se presenten estratexias de intervención, tecnolóxicas e metodolóxicas.

Difundindo a investigación realizada no eido do TEA na nosa contorna e divulgando coñecemento respecto diso. Contribuíndo ao desenvolvemento en Galicia de proxectos de investigación estatal ou internacional sobre o TEA.

Actualizamos, desenvolvemos e difundimos materiais específicos das distintas áreas de acción da federación e as súas entidades, orientados cara á sensibilización do TEA e a súa implementación na práctica profesional de distintos sectores, impulsando o desenvolvemento das ferramentas que o faciliten.



SERVIZO DE PUBLICACIÓN

É o noso obxectivo divulgar coñecemento. Somos o referente principal en Galicia da concienciación sobre o Autismo en temas de interese sobre as necesidades de información para as persoas con TEA, profesionais, familias e materiais de sensibilización de diversos temas fundamentais para o noso colectivo.

O Servizo de publicacións está integrado no marco da acción de divulgación sobre as necesidades de información para as persoas con TEA, profesionais, familias e materiais de sensibilización de diversos temas fundamentais para o noso colectivo, e o coñecemento de Autismo Galicia á sociedade. O traballo do servizo de publicación lévase a cabo a través de diferentes ferramentas e canles propias da difusión de información.

A divulgación do TEA realízase a través de tres eixes:

- 1 Publicacións institucionais.
- 2 Publicacións de interese informativo/documental de divulgación do TEA.
- 3 Publicacións de sensibilización.

Traballamos sempre co compromiso de ofrecer información actualizada e contrastada dentro do marco da evidencia científica que permita unha maior eficiencia e apoio ás persoas con TEA e ás súas familias.


No servizo de publicacións destacan os contidos relativos á actividade xerada polas diferentes áreas de traballo da nosa organización, así como as publicacións anuais que desenvolvemos.

Este servizo ten a finalidade de sistematizar e establecer unha metodoloxía para a realización de ditas publicacións.

EDITORIAL FAG

A Federación Autismo Galicia ten dentro dos seus obxectivos ser fonte fidedigna de información e de consulta para profesionais de distintos sectores, medios de comunicación, para as nosas entidades, para as familias e para a sociedade civil.

A tales efectos e para viabilizar as publicacións propias da Federación créase a EDITORIAL FAG.



COLECCIÓN SAÚDE

Vídeo CÓIDOME: ADICCIÓNS

Promoción da saúde, adquisición de hábitos de vida saudables e habilidades funcionais nas persoas con TEA a través de materiais audiovisuais.

Somos conscientes das necesidades específicas que teñen as persoas con TEA para o coidado da súa saúde, condicionadas polas propias características do trastorno e as características da contorna. Polo que é necesario fomentar hábitos de vida saudables mediante psicoeducación sobre medidas de apoio e habilidades de afrontamento positivas.

Para poder facer esta acción fixemos un traballo de análise de necesidades máis frecuentes e un valoración do que necesitan as persoas con TEA para poder levar a cabo eses coidados. Como parte do traballo creamos unhas medidas orientadas a apoiar a persoa con TEA na adquisición de habilidades relacionadas coa prevención de adiccións "Cóidome: adiccións", contando con profesionais das entidades da Fundación Menela.



Destinatarios:
Persoas con TEA e familias. Profesionais que traballan con persoas con TEA.



autismogALICIA

MEDIDAS DE ACCESIBILIDADE COGNITIVA EN CENTROS SOCIO SANITARIOS DE ATENCIÓN AO TEA

Programa 1 de 100 plus para a superación de barreiras cognitivas e de comunicación social nos servizos de apoio terapéutico.

APLICACIÓNS EN ESPAZOS FÍSICOS SOCIO SANITARIOS

EXTERIOR

- A entrada debe ter fácil acceso (rampa, anchura suficiente, ben sinalizada, etc.) e estar adaptada ás necesidades da diversidade dos usuarios.
- Horeiros ou información importante visible dando o espazo (marcar un espazo dedicado para iso).

INTERIOR

- Os corredores e os elementos de decoración deberán facilitar a mobilidade e estar despechados.
- Espazo para atención e demanda personalizada, e zona de espera ben definidos.
- Condicións ambientais do espazo (iluminación, ruído visual, ruído/volumen, climatización) facendolos máis amables e axitados para todo o mundo; elimínalos os rúdos estridentes, a iluminación moi cargada, acomoda a temperatura do espazo, limpa visualmente o espazo para que non haxa información recargada, etc.
- Sinalización de espazos (consultas, espazos de traballo, recepción, sala de espera, baños, etc.).
- Utilización de wayfinding. Sistemas de sinalización accesibles no chan para guiar ás persoas de diferentes espazos.

PREPARACIÓN DA CITA SOCIO SANITARIA

- Fixar unha cita previa, informal, para dar a coñecer tanto os profesionais como o/a usuario/a entre si, como o espazo de intervención.
- Clasificar a primeira ou derradeira hora, evitando tempos de espera ou saturación de vante.
- Flexibilidade nos tempos: anticipar o máximo posible os cambios na cita ou no desenvolvemento da consulta, así como prever variacións no tempo da cita.
- Coñecer a persoa con TEA: preguntar polos seus gustos, como se comunica, que limitacións pode ter na consulta, etc. Facer un rexistro para axudarnos na intervención e personalizala máis.

RECURSOS INFORMATIVOS

- Adaptación de documentos en lectura fácil: que axuden á comprensión e a lectura de textos máis amables atendendo á diversidade.
- Empregar citas ou postas por escrito, de xeito claro e conciso (tanto de xeito electrónico como en papel).
- WEB e redes sociais con criterios de accesibilidade cognitiva dixital (Estándares de accesibilidade de WCAG).

CGO Deputación DA CORUÑA
Servizo de Accesibilidade Cognitiva
Pódese consultar os recursos de Federación Autismo Galicia en www.autismogalicia.org

autismogALICIA

MEDIDAS DE ACCESIBILIDADE COGNITIVA EN CENTROS SOCIO SANITARIOS DE ATENCIÓN AO TEA

Programa 1 de 100 plus para a superación de barreiras cognitivas e de comunicación social nos servizos de apoio terapéutico.

FERRAMENTAS PARA UNHA COMUNICACIÓN AMIGABLE

ACTUACIÓNS NA CONSULTA

- Permitir o acompañamento da persoa de referencia.
- Anticiparse: ter os materiais preparados, empregar apoios visuais (pictogramas) para explicar e anticipar o que vai acontecer como e con quen.
- Ser previsible: realizar movementos suaves, avisar cando haxa contacto ou outra rutina "vou tocar", "pode ser que moleste".
- Reforzar as condutas positivas.
- Permitir obxectos relaxantes e de "seguridade".
- Falar de temas do seu interese.

CONVERSAS TELEFÓNICAS

- Presentarse de forma clara, especificando o seu nome e quen é. Iniciando a conversación cunha pregunta concreta para dar pal á comunicación.
- Comprobar se a persoa comprende a instrución. Pode axudar dicirlle que nos repita o que lle diximos ou facerlle preguntas para contrastar.
- Fala máis amodo que na consulta presencial.
- Case hora da cita, mellor elixir 7:30h da tarde, que 19:30h.
- Cando lle veamos a iniciar algo importante, pode axudar darlle unha pauta previa: "Agora é necesario que me escribas e prestes atención".
- Pode ser útil, indicarlle que teña a man onde e con que escribir, para que poida anotar as indicacións que lle damos (en canto a tratamentos ou trámites). Pódese valorar enviarlle posteriormente un correo electrónico.
- Moltras persoas con TEA, conviven con alguén que lles presta apoio e que nos poden dar información sobre o motivo da consulta. É necesario respectar os principios de confidencialidade e ter o permiso do paciente para falar con eles.

ESTRATEGIAS COMUNICATIVAS

- Personalizar a atención con o paciente: dirixirse polo seu nome, non forzar a persoa para falar, facer contacto visual ou contacto físico.
- O xeito de falar tamén é importante, empregar un ton tranquilo e suave, facer preguntas concretas, así como evitar bromas ou ironías, facilitar a comunicación.
- Melloramos a confianza cando deixamos tempo para procesar e responder aos pacientes.

CGO Deputación DA CORUÑA
Servizo de Accesibilidade Cognitiva
Pódese consultar os recursos de Federación Autismo Galicia en www.autismogalicia.org

COLECCIÓN ACCESIBILIDADE INFOGRAFÍAS CON RECOMENDACIÓNS SOBRE ACCESIBILIDADE COGNITIVA

Creación de infografías destinadas aos fisioterapeutas e terapeutas ocupacionais para ofertar unha serie de recomendacións de propostas de actuación: medidas de accesibilidade cognitiva no espazos, mellora da sinalética, mellora nos criterios ambientais, consellos e orientacións sobre a comunicación cos pacientes.

COLECCIÓN PUBLICACIONES ANUAIS


Memoria de actividades da FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA

Na Federación Autismo Galicia cremos que a transparencia debe ser un valor fundamental da nosa entidade, de forma que podamos actuar e explicar o noso quefacer de forma responsable, clara e sinxela, sendo capaces de demostrar o resultado do noso traballo.

As memorias anuais edítanse e distribúense co fin de visibilizar as accións realizadas. O documento pon ao dispor de quen o desexe a información detallada de todo o traballo realizado durante 2021 para mellorar a calidade de vida das persoas con trastorno do espectro do autismo (TEA) e as súas familias, así como a información económica que deriva da asignación tributaria.

Nº exemplares: 100

Destinatarios: Asociacións da Federación Autismo Galicia; colaboradores; interesados.



ACCÍONS

Coordinación de contidos.

Deseño e maquetación.

Publicación.

Difusión nas canles propias da Federación Autismo Galicia.

Distribución aos públicos de interese.

COLECCIÓN PUBLICACIONES ANUAIS

MAREMAGNUM

A Federación AUTISMO GALICIA publica o número 26 da revista científica Maremagnum sobre os Trastornos do Espectro do Autismo.

Os seus artigos están elaborados por recoñecidos especialistas relacionados co ámbito do TEA e vertebrados ao redor do tema exposto. Publícase nunha edición bilingüe debido á súa gran repercusión entre centros, entidades e profesionais do resto de España e Iberoamérica.

Maremagnum entra a formar parte, desta forma, dunha biblioteca dixital mundial, coa posibilidade de que os usuarios a atopen facilmente, poidan compartila, opinar sobre ela e mesmo descargala. A evolución da publicación é importante desde o seu inicio, pasando de ser unha revista destinada exclusivamente a familias, con noticias sobre as asociacións e outros temas, a ter un carácter eminentemente científico e formativo que inclúe artigos de figuras especializadas tanto no TEA como na discapacidade en xeral, enriquecido, nos últimos anos, coas achegas literarias de figuras da cultura galega principalmente, pero tamén nacionais e internacionais. Isto fai de MAREMAGNUM, unha publicación de referencia para o sector da discapacidade e un produto altamente cualificado e aceptado.



Revista: Saúde, pandemias, vacinas e autismo.

Ano: 2022

Páxinas: 157

Director: Cipriano Jiménez Casas

Edición: bilingüe (castelán-galego)

Portada: Xulio Maside

Exemplares: 500 exemplares

Maremagnum ten unha tirada de 500 exemplares. Tamén se pode acceder a ela a través de internet, na páxina web de Autismo Galicia e a través do Centro de Documentación do Real Patronato sobre Discapacidad: www.cedd.net



Este programa propicia a transferencia do coñecemento sobre os TEA no ámbito educativo, sociosanitario e sociofamiliar.

A formación é unha das prioridades da Federación Autismo Galicia, apoiando iniciativas das súas entidades asociadas e aproveitando oportunidades da contorna a través de convenios ou compromisos de colaboración que favorezan o acceso, tanto a profesionais e familias da nosa rede asociativa como a outros profesionais interesados nos TEA, a unha variedade de actividades formativas que permitan mellorar a calidade e a ética do exercicio profesional.

Este programa é un referente no ámbito da formación, respondendo ás demandas e necesidades formativas manifestadas polas nosas entidades, familias e colectivo de persoas con TEA. Temos o compromiso de fomentar a innovación e a excelencia educativa como garantía de calidade de todos os nosos cursos, salientando a calidade da docencia, e abarcando un conxunto de ofertas para distintos públicos e recursos para mellorar o desenvolvemento persoal e profesional dos seus participantes.

A capacitación de futuros profesionais, profesionais en exercicio, profesionais das nosas entidades e das familias é unha necesidade continua e altamente demandada. Os avances no coñecemento e intervención coas persoas con TEA é importante e tamén se alimenta da experiencia que, a nivel autonómico e nacional existe nas asociacións, universidades, ou outros centros de saber cuxo traballo de atención directa e/ou investigación é continuo.

Unha das prioridades estratéxicas do Plan de Acción da Federación Autismo Galicia é promover a transferencia do coñecemento sobre os TEA. A formación é un dos elementos claves para a Federación, apoiando iniciativas externas e aproveitando oportunidades da contorna a través de convenios ou compromisos de colaboración que favorezan o acceso tanto aos profesionais das entidades asociadas como a outros profesionais interesados nos TEA, a unha variedade de actividades formativas.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- 1 Fomentar a profesionalización, coordinación e intercambio de experiencias dos /as traballadores/as das entidades asociadas mediante a súa participación nas accións formativas da Federación.
- 2 Xerar coñecemento sobre os TEA aos profesionais externos á rede asociativa para que poidan mellorar a calidade do seu exercicio profesional mediante a promoción do coñecemento, a colaboración e a participación.
- 3 Facilitar unha oferta formativa ás familias de persoas con TEA adaptada ás súas necesidades e ás dos seus fillos con TEA en distintos contextos, creando espazos nos que compartir experiencias e coñecementos.

FORMACIÓN


CICLO FORMATIVO ABORDAXE DO TRASTORNO DO ESPECTRO DO AUTISMO NO ÁMBITO EDUCATIVO

A comprensión e apoio á persoas no espectro do autismo é, sen dúbida, un dos temas que continúa despertando maior interese en diversos ámbitos: sanitario, social, e tamén educativo. A comprensión da particular forma de ser, relacionarse, estilo cognitivo e puntos fortes e retos destes nenos e nenas por parte de toda a comunidade educativa, é clave para proporcionarlles a atención e apoios especializados que garantan a súa igualdade de oportunidades na vida escolar, participación, aprendizaxes académicas e benestar emocional. Realizamos tres cursos centrados na aprendizaxe de estratexias de apoio o alumnado con TEA, na axuda na promoción de competencias sociais ou a comprensión, prevención e na actuación ante os comportamentos que nos preocupa.

MÓDULO 1: Comprensión e estratexias prácticas de apoio ao alumnado no trastorno do espectro do autismo.

MÓDULO 2: Habilidades sociais no trastorno do espectro do autismo.

MÓDULO 3: Comprensión e intervención sobre as condutas problemáticas no trastorno do espectro do autismo: o apoio condutual positivo.




autismo GALICIA

PROGRAMA DE FORMACIÓN 2022

Abordaxe do TEA no ámbito educativo

CURSO 1: 12 MARZO 2022
 COMPRENSIÓN E ESTRATEXIAS DE APOIO AO ALUMNADO CON TEA
 DOCENTE: MARLENE HORNA CASTIÑEIRAS. 30 PRAZAS. 65€

CURSO 2: 26 MARZO 2022
 HABILIDADES SOCIAIS NO TRASTORNO DO ESPECTRO DO AUTISMO.
 DOCENTE: MARLENE HORNA CASTIÑEIRAS. 30 PRAZAS. 65€

CURSO 3: 23 ABRIL 2022
 COMPRENSIÓN E INTERVENCIÓN SOBRE AS CONDUTAS PROBLEMÁTICAS NO TEA: O APOIO CONDUCTUAL POSITIVO.
 DOCENTE: MARLENE HORNA CASTIÑEIRAS. 30 PRAZAS. 65€

INSCRÍBETE NOS TRES CURSOS

MODALIDADE PRESENCIAL.
 PRAZO DE INSCRIPCIÓN ATA O 4 DE MARZO 2022
 Asignación de prazas por riguroso orde de inscrición tendo preferencia as persoas que se inscriban nos tres cursos. Confirmarase a praza por correo electrónico unha vez finalizado o prazo de inscrición.

PREZO 65€ CADA CURSO.
 PREZO REDUCIDO 160€ AO INSCRIBIRSE NOS TRES CURSOS Á VEZ.

Persoas destinatarias: o ciclo formativo estivo dirixido preferentemente a profesionais do ámbito educativo que traballan con persoas con Trastorno do Espectro do Autismo ; Mestres, educadores, orientadores, psicólogos, psicopedagogos, logopedas, cuidadores etc.

Docente: Marlene Horna Castiñeiras.

Lugar de realización: Sede A Fundación. Rúa do Vilar nº 19. 15705 Santiago de Compostela

Asistentes: 81 persoas: (9 homes/72 mulleres).

12 MAR.
26 MAR.
23 ABR.

08
HORAS

81
PERSOAS

PRESENCIAL



Persoas destinatarias: profesionais das entidades asociadas á Federación Autismo Galicia, así como a outros profesionais do ámbito social, educativo e sanitario.

Docente: Luis Arenas Bernal e Rocio Zambruno Barajas

Lugar de realización: modalidade en liña a través de ZOOM.

Asistentes: 49 persoas (6 homes/43 mulleres).



FORMACIÓN CURSO PROMOCIÓN DA VIDA SAUDABLE A TRAVÉS DO OCIO NAS PERSOAS CON TEA

O curso ofreceu coñecementos específicos sobre o ocio e facilitou ferramentas, programación e boas prácticas para mellorar as habilidades necesarias para fomentar o ocio nas persoas con TEA.



Persoas destinatarias: profesionais das entidades asociadas á Federación Autismo Galicia, así como a outros profesionais do ámbito social, educativo e sanitario interesados no TEA.

Docente: Sergio Gómez Gallo.

Lugar de realización: Centro deportivo D'Ócio (Silvouta, 89, 15896, Santiago de Compostela).

Asistentes: 16 persoas (5 homes/11 mulleres).



FORMACIÓN EXERCICIO FÍSICO E DEPORTE NAS PERSOAS CON TEA

As investigacións sobre o exercicio físico demostraron que o deporte pode ir moi ligado a dar resposta ás necesidades de apoio nas persoas con TEA. O deporte diminúe o estrés, aumenta as habilidades motoras, axuda a desenvolver virtudes individuais e sociais, como a comunicación e a previr o sedentarismo, moi habitual nas persoas con TEA. E sendo conscientes de que o exercicio físico e o deporte, poden considerarse parte importante na xestión da promoción da saúde, sexa por beneficio en si mesmo ou como tratamento coadxuvante en algunhas enfermidades, pareceunos importante incidir nesta liña de traballo.

Realizamos unha actividade para mellorar as competencias dos profesionais, para motivar, incentivar e apoiar os hábitos de vida saudables das persoas con TEA a través do exercicio físico e do deporte. Nesta actividade realizamos un curso teórico-práctico.



FORMACIÓN

WEBINARIO «SAÚDE PARA TODAS: EXPERIENCIAS PROFESIONAIS E TESTEMUÑAS»

Realizamos unha xornada de divulgación da especificidade do TEA e na importancia da saúde específica das mulleres. Esta actividade recolleu por unha banda, as experiencias prácticas profesionais sobre o coñecemento da saúde e a detección e apoio das necesidades das mulleres con autismo e por outra, testemuños vitais de mulleres con TEA sobre as súas experiencias no coidado da saúde.

Persoas destinatarias: profesionais e familias, así como profesionais do ámbito social e sanitario interesados nos TEA e outros interesados e interesadas.
Docente: profesionais do servizo galego de saúde (SERGAS) e profesionais das entidades de Autismo Galicia.
Lugar de realización: modalidade en liña a través de ZOOM.
Asistentes: 52 persoas (4 homes/48 mulleres).



FORMACIÓN

CURSO ABORDAXE DAS CONDUTAS DESAFIANTES EN TEA

Quixemos co curso "Abordaxe das condutas desafiantes en TEA" comprender as condutas disruptivas das persoas con TEA, apoiar e proporcionar ferramentas aos profesionais para abordar estas condutas dende o enfoque do apoio condutual positivo.



Persoas destinatarias: principalmente a profesionais e familias das entidades asociadas á Federación Autismo Galicia, así como a outros profesionais do ámbito social e sanitario interesados nos TEA.

Docente: María Llorente Comí.

Lugar de realización: modalidade en liña a través de ZOOM.

Asistentes: 125 persoas (17 homes/108 mulleres).





FORMACIÓN

XORNADA HUMANIZACIÓN SANITARIA: MODELOS DE ATENCIÓN PARA A SAÚDE DAS PERSOAS CON AUTISMO.

As persoas con TEA seguen atopándose con barreiras no seu acceso aos cuidados da súa saúde, debido ás características propias do TEA e ás barreiras na contorna sanitaria. É para nós fundamental seguir avanzando no coñecemento das claves de accesibilidade e crear espazos para compartir experiencias significativas en humanización da atención sanitaria ás persoas con TEA e as súas familias, que poidan ser obxecto de réplica e mellorar asistencia sanitaria das persoas con TEA na nosa comunidade.

Esta xornada tivo por obxectivo de comprender as necesidades das persoas con TEA no coidado da súa saúde e dar a coñecer as boas prácticas que se están realizando na atención sanitaria ao paciente con TEA.

Esta xornada presencial contou coa colaboración de profesionais especializados en TEA, experiencias en primeira persoa, profesionais do sistema galego de saúde e da universidade.

Nesta xornada presentamos o manual "Os meus cuidados de enfermería e outras probas médicas". Este material está pensado para axudar as persoas con TEA e familiares a través de información visualmente adaptada, sobre os procedementos sanitarios máis habituais. Ademais ofrecemos orientacións para prepararse de forma positiva nas consultas sanitarias. Facer máis accesible o coidado da saúde, de forma adecuada ás persoas con TEA e as súas familias.

Para achegar o manual "Os meus cuidados de enfermería e outras probas médicas" fixemos unha distribución en papel ás persoas con TEA, familias, profesionais e servizos específicos que poidan facilitar o material de interese ás persoas con TEA ou as súas familias.



Persoas destinatarias: profesionais do ámbito socio-sanitario, persoas con autismo, familias, e persoas interesadas no autismo en xeral.

Lugar de realización: Salón de actos da Consellería de sanidade. Santiago de Compostela. modalidade en liña a través de ZOOM.

Asistentes: 168 persoas, (64 persoas en presencial e 104 en streaming) profesionais da rede de asociacións da Federación, profesionais externos, persoas con TEA e familias.





FORMACIÓN



XORNADA FOMENTAR O ENVELLECIMENTO ACTIVO DAS PERSOAS CON TEA. DIFICULTADES E OPORTUNIDADES.

A xornada estivo dirixida a familias e profesionais externos. Centrouse en ofrecer ferramentas de apoio que melloren habilidades e orientar a servizos.

Persoas destinatarias: principalmente a familias e persoas con TEA. Estará aberto a profesionais do ámbito sanitario e social, educación e distintos ámbitos de interese.

Lugar de realización: modalidade en liña a través de ZOOM.

Asistentes: 29 persoas (4 homes/25 mulleres).



FORMACIÓN

COMPRENDENDO O PACIENTE CON TEA, MELLORANDO O COIDADADO DA SÚA SAÚDE.

Formación na escola de Enfermería e podoloxía da Universidade da Coruña.

A Federación Autismo Galicia colabora coa Escola de Enfermería e podoloxía xunto coa asociación Aspanaes realizando unha actividade formativa dirixida ao alumnado da Facultade de Enfermería e podoloxía da Universidade da Coruña no Campus de Ferrol.

Esta xornada tivo por obxectivo favorecer o coñecemento sobre o TEA e a abordaxe práctica das dificultades que poden ter as persoas con TEA e as súas familias no acceso ás consultas sanitarias. Poñerase en valor, como a través de sinxelas estratexias e ferramentas en consultas, pódese mellorar e ofrecer unha atención asistencial de maior calidade.



Persoas destinatarias: alumnado de enfermería da Facultade de enfermería e podoloxía da Universidade da Coruña.

Docente: Emma Cuesta e Cristina Couto.

Lugar de realización: Facultade de enfermería e podoloxía da Universidade da Coruña. Campus de Ferrol

Asistentes: 43 persoas (4 homes/39 mulleres).





Persoas destinatarias: formación dirixida a familias de persoas con TEA e outras persoas interesadas.
Docentes: Cristina Couto Pena.
Lugar de realización: Casa de cultura de Xove.
Asistentes: 45 persoas (4 homes/41mulleres).



FORMACIÓN XORNADA COÑECENDO E ACOMPANANDO ÁS PERSOAS CON TEA.

A xornada “Coñecendo e acompañando ás persoas con TEA” tivo por obxectivo sensibilizar e derribar mitos, xerar conciencia para que a comunidade poida dar apoio e brindar espazos de participación. Ademais de dar apoio con ferramentas ás necesidades cotiás das persoas con Trastorno do espectro do autismo (TEA) a través da súa familia.



Persoas destinatarias: técnicos de educación infantil da escola infantil mi primer paso.
Docentes: Cristina Couto Pena.
Lugar de realización: Escola Infantil Mi primer paso, Tomiño.
Asistentes: 8 técnicas da escola infantil Mi primer Paso.



FORMACIÓN COÑECENDO E ACOMPANANDO OS NENOS E NENAS CON TEA.

As persoas con TEA teñen unha serie de necesidades específicas nas distintas etapas educativas, incluíndo as previas á escolarización obrigatoria.

A educación con coñecemento específico en TEA e o apoio comunitario son os medios de intervención máis eficaces e efectivos para promover o desenvolvemento das persoas con TEA. A educación das persoas con TEA debe dirixirse a potenciar o desenvolvemento de habilidades que favorezan a súa participación na sociedade e que potencien as capacidades da persoa para responder ás cambiantes e esixentes demandas da contorna.

Con esta xornada ofreceuse aos técnicos de educación infantil da escola “Mi primer paso” unha visión integradora que lles permita identificar nenos e nenas e ofreceulles información de como intervir sobre as súas necesidades para favorecer o seu desenvolvemento.



FORMACIÓN

PROXECTO 1 DE 100 PLUS.

O proxecto 1 de 100 plus é un proxecto financiado pola Deputación da Coruña, que pretende formar a especialistas dos diferentes colexios profesionais, ademais de contribuír á sensibilización, á mellora do coñecemento dos profesionais colexiados e a tecer redes de colaboración por medio de conferencias formativas.


Realizáronse dúas actividades co Colexio Oficial de Fisioterapeutas de Galicia e co Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Galicia.

Persoas destinatarias: colexiados/as do Colexio Oficial de Fisioterapeutas de Galicia.

Docentes: Cristina Couto Pena e Aitana García Lage.

Lugar de realización: modalidade en liña a través de ZOOM.

Asistentes: 14 persoas (4 homes/10 mulleres).



WEBINARIO

RECURSOS E ESTRATEXIAS PARA A ATENCIÓN A PERSOA CON AUTISMO.

Dentro do proxecto 1 de 100 plus, financiado pola Deputación da Coruña, que pretende formar a especialistas dos diferentes colexios profesionais, ademais de contribuír á sensibilización, á mellora do coñecemento dos profesionais colexiados e a tecer redes de colaboración por medio de conferencias formativas.





Persoas destinatarias: colexiados/as do Colexio Oficial de Terapeutas ocupacionais de Galicia.

Docente: Cristina Couto Pena, Aitana García Lage, e Macarena Sánchez.

Lugar de realización: modalidade en liña a través de ZOOM.

Asistentes: 38 persoas (2 homes/36 mulleres).





Participación en XORNADAS E CONGRESOS

A través da participación en eventos relacionados, ofrécese información actualizada e contrastada dentro do marco da evidencia científica que permita unha maior eficiencia no apoio ás persoas con TEA e as súas familias.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

1. Ser fonte de información e de consulta para profesionais, persoas con TEA, familias e sociedade civil.
2. Ofrecer asesoramento detallado sobre aquelas temáticas vinculadas ás necesidades das persoas con TEA e as súas familias.
3. Difundir información e evidenciar os resultados sobre os proxectos e as investigacións da Federación Autismo Galicia.

Na Federación Autismo Galicia cremos que a transparencia debe ser un valor fundamental da nosa entidade, de forma que podamos actuar e explicar o noso quefacer de forma responsable, clara e sinxela, sendo capaces de demostrar o resultado do noso traballo e o noso coñecemento especializado sobre TEA.

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS

“Xornada formativa: Como facer máis accesible a cultura?”


Colaboración coa Cooperativa Bencuriosa.

A nosa participación nas xornadas, estivo a cargo de Aitana García, responsable do Servizo de Accesibilidade da Federación Autismo Galicia, e puxo encima da mesa as necesidades das persoas con trastornos do neurodesenvolvemento e dificultades cognitivas e de comunicación, como as persoas con TEA –Trastorno do Espectro do Autismo- as cales representamos e reivindicamos os seus dereitos. As medidas en accesibilidade cognitiva axudan á xente con dificultades cognitivas a levar unha vida autónoma e a súa participación no entretexido social e cultural da súa contorna, rompendo as barreiras que imposibilitan o seu desenvolvemento pleno.

Persoas destinatarias: persoas interesadas na accesibilidade.

Docentes: Aitana García Lage.

Lugar de realización: Centro Ágora (A Coruña).



Persoas destinatarias: persoas interesadas na accesibilidade.

Docentes: Cristina Couto Pena.


Lugar de realización: Aula usos múltiples IES Branco Amor (Rúa Vicente Risco, 13, 32001 Ourense).



“Curso Introducción ao TEA.”

Colaboración coa asociación Por Eles TEA.

Destinatarios: Este curso de 3 módulos está dirixido a profesionais e futuros profesionais de maxisterio, psicoloxía, logopedia, psicopedagogía, terapia ocupacional, integración social, educación social, entre outras formacións relacionadas cos ámbitos sanitario, educativo e social. Que traballen con persoas con TEA ou queiran facelo nun futuro, e desexen adquirir coñecementos básicos para ser profesionais cualificados.



Participación e colaboración en INVESTIGACIÓN

É fundamental manter unha participación activa en todo o que signifique avanzar en investigación e transferencia de coñecemento.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

1. Recoller a información relativa á realidade das persoas con TEA a través da rede de entidades de Autismo Galicia.
2. Difundir o coñecemento e a realidade das persoas con TEA e as súas familias.

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS

COLABORACIÓN E IMPULSO DE INVESTIGACIÓN SOBRE O TEA

Participación en estudos de investigación sobre o deporte e o acceso das persoas con discapacidade a través do CERMI Galicia:

A través da comisión de deporte do CERMI Galicia, da que Autismo Galicia forma parte, participou nun grupo de traballo sobre Deporte e persoas con discapacidade coa Dirección Xeral de Saúde Pública da Xunta de Galicia e a Subdirección Xeral de Programas de Fomento de estilos de vida saudables, a Fegamp e diferentes axentes relacionadas co deporte e as persoas con discapacidade.

Este grupo levou a cabo unha diagnose das limitacións que atopan as persoas con diversidade funcional na práctica deportiva, co fin de elaborar un documento de recomendacións e cambios dirixidos a todos aqueles axentes involucrados no ámbito deportivo (administración, concellos, instalacións deportivas privadas, Fundación Deporte Galego, formación...).

Neste tempo deseñamos dous cuestionarios, un cuestionario dirixido os centros deportivos e outro as persoas con discapacidade, para coñecer o contexto como primeiro paso para poder elaborar a guía que permita mellorar o accesibilidade das persoas con discapacidade ao deporte.

Data de inicio/fin: Xaneiro- en estudo.

Servizo de información individual en transferencia de coñecemento

Recurso dirixido a atender as consultas de profesionais, estudantes e outras persoas interesadas. Realízase asesoramento e información (presencial, por teléfono ou correo electrónico) sobre TEA, servizos, entidades ou programas destinados a persoas con TEA.

Beneficiarios: 79 persoas (estudantes, profesionais do ámbito da educación, saúde e social).
O procedemento de selección das persoas participantes A Federación Autismo Galicia presta atención a calquera demanda de profesionais externos ás nosas entidades, estudantes e calquera persoa interesada no TEA.





DESENVOLVIMENTO ASOCIATIVO

Apoiamos ás nosas entidades orientando os nosos proxectos ás necesidades do colectivo e das entidades asociadas, promovendo accións de captación de fondos e recursos, formación, información e asesoramento que aseguren o noso desenvolvemento como tecido asociativo.

A Federación Autismo Galicia comprometida co avance das súas entidades, e das persoas ás que as entidades representan, asenta o seu desenvolvemento asociativo na súa implicación e apoio directo.

Funcionando como provedor de valor ás entidades asociadas, para que estas poidan reverter á súa vez na súa actividade diaria xerando un beneficio tanxible.

A Federación Autismo Galicia ten o compromiso de avanzar na cohesión do colectivo na comunidade galega, e ofrecer á rede asociativa información e asesoramento en materias de xestión, normativa, axudas e subvencións, formación especializada.

PROGRAMA FORMACIÓN INTERNA

A través da formación interna a Federación Autismo Galicia promove a adquisición de coñecementos que melloran a capacidade de actuación dos profesionais da entidade.

Co programa procúrase a capacitación dos recursos humanos da entidade para a especialización técnica e profesional.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

1. Capacitar aos profesionais para o adecuado desempeño das súas funcións e tarefas.
2. Contribuír ao proceso de incorporación de novos profesionais.



ACTIVIDADES FORMATIVAS REALIZADAS POR PERSONAL DA FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA

III Xornada de networking boas prácticas na xestión de entidades do terceiro sector

21 XANEIRO / 5 horas / WEBINARIO

Como afecta a reforma laboral ás entidades do terceiro sector

24 MARZO / 3 horas / WEBINARIO

O terceiro sector e a reforma laboral

22 FEBREIRO / 3 horas / WEBINARIO

Muller e saúde

09 FEBREIRO / 3 horas / WEBINARIO

O camiño da humanización: primeira etapa

05 ABRIL / 5 horas / XORNADA

Pílula formativa en declaración de utilidade pública

28 ABRIL / 2 horas / PÍLULA

Xestión de comunidades virtuais

14 MARZO - 02 XUÑO / 100 horas / CURSO

Pílula formativa en xestión económica para entidades

16 XUÑO / 2 horas / PÍLULA

A nova lei de accesibilidade cognitiva

22 SETEMBRO / 2 horas / WEBINARIO

Estratexias de marketing para ONGs

04 OUTUBRO / 2 horas / WEBINARIO

Comprensión e estratexias prácticas de apoio do alumnado con TEA

12 MARZO / 8 horas / CURSO

Habilidades sociais no Trastorno do Espectro do Autismo

26 MARZO / 8 horas / CURSO

Promoción da vida saudable a través do ocio nas persoas con TEA

08-09 ABRIL - / 6 horas / CURSO

Comprensión e intervención sobre as condutas problemáticas no TEA

23 ABRIL / 8 horas / CURSO

Exercicio físico e deporte nas persoas con TEA

04-05 XUÑO / 14 horas / CURSO

Abordaxe das condutas desafiantes en TEA

24 SETEMBRO / 7 horas / CURSO

Captación en Social Media Marketing

14-20 OUTUBRO / 12 horas / CURSO

Xornada humanización sanitaria: modelos de atención para a saúde das persoas con autismo

17 OUTUBRO / 3.5 horas / XORNADA

XX Congreso Nacional de la Asociación Española de Profesionales del Autismo «Autismo ante el desafío comunitario»

17-19 OUTUBRO / 27 horas / CONGRESO

Ofimática

06 OUTUBRO - 29 NOVIEMBRE / 110 horas / CURSO

Códigos de conduta para entidades do terceiro sector de acción social

26 OUTUBRO / 3 horas / WEBINARIO

Canles de denuncia


22 NOVIEMBRE / 3 horas / WEBINARIO



PROGRAMA CAPTACIÓN DE FONDOS

O noso programa de captación de recursos está destinado ao desenvolvemento da rede asociativa.

Realizouse un programa de captación de fondos e apoio ao desenvolvemento das estruturas e programas da rede asociativa da FAG: 16 entidades, mediante a presentación de proxectos a diversos financiadores.



PROXECTO SERVIZO DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO A ENTIDADES

Trátase dun servizo de información e asesoramento ás entidades de cara á estrutura asociativa que axude á toma de decisións e ao desenvolvemento social.

Periodicamente, a Federación Autismo Galicia informa ás súas entidades de toda aquela información de relevancia para o colectivo, da actividade xerada por cada área de traballo da organización, así como doutras novas interesantes para o colectivo de fontes externas: normativa, xestión, formación e captación de fondos.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

1. Ofrecer información e asesoramento ás entidades asociadas en materia de xestión, normativa e captación de fondos.
2. Durante este exercicio rexistráronse 33 boletíns informativos





Creamos unha 'Bolsa de Emprego' na que contar con recursos suficientes, coa finalidade de dar resposta ás demandas das entidades federadas, cando requiran un perfil profesional específico.

PROGRAMA

BOLSA DE EMPREGO FAG

O servizo da Bolsa de Emprego da Federación Autismo Galicia é un instrumento que fai a función de base de datos, no que almacenar os currículos e datos das persoas interesadas en traballar nas nosas entidades, e que cumpran cos perfís demandados.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

1. Ofertar ás entidades federadas os perfís profesionais demandados para a prestación de servizos específicos e especializados.
2. Incrementar o número de profesionais dispoñibles con coñecemento especializado sobre intervención en persoas con TEA.

O Servizo da Bolsa de Emprego está dirixido, por unha banda ás nosas entidades, xa que un dos obxectivo é a provisión de recursos humanos tendo en conta os perfís que solicitan. Por outra banda, o servizo diríxese a todas aquelas persoas que cumpren cos perfís solicitados.

A bolsa de emprego da Federación Autismo Galicia conta con unha base de datos de 909 profesionais.





ACCIÓNES FORMATIVAS INTERNAS PARA AS ENTIDADES

CURSO

PÍLULA FORMATIVA EN DECLARACIÓN DE UTILIDADE PÚBLICA


O obxectivo desta formación é facer un achegamento aos requisitos para ser unha entidade declarada de utilidade pública.

Persoas destinatarias: membros de xuntas directivas e técnicos das entidades asociadas.

Docentes: Pablo Figueroa.

Lugar de realización: modalidade en liña a través da plataforma ZOOM.

Asistentes: 6 persoas (1 home / 5 mulleres).



CURSO

PÍLULA FORMATIVA EN XESTIÓN ECONÓMICA PARA ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO


Facer un achegamento á contabilidade e as súas claves nas entidades sen ánimo de lucro.

Persoas destinatarias: principalmente membros de xuntas directivas e técnicos das entidades asociadas que están a empezar a tramitar subvencións.

Docente: Javier Leis.

Lugar de realización: Modalidade Online a través de ZOOM.

Asistentes: 18 persoas (1 homes / 17 mulleres).





PROGRAMA
E SERVIZOS PARA
**FAMILIAS
E PERSOAS
CON TEA**

Na sociedade actual é necesario levar a cabo programas que traballen por unha maior inclusión social, neste caso das persoas con autismo, coa finalidade de avanzar cara a unha sociedade máis aberta e diversa.

No momento no que unha persoa ou familia ten unha sospeita fundada dunha alteración no desenvolvemento, a persoa ou familia debe ser orientada cara aos servizos ou recursos que poidan ofrecer unha resposta ante esta situación.

Consideramos o impacto que pode supoñer un diagnóstico de autismo, que en moitas ocasións é descoñecido, e a necesidade de dar respostas ás dúbidas que poidan xurdir acerca deste diagnóstico.

Ademais, en función das necesidades da persoa con TEA ou da situación da familia, ofrécese información sobre entidades, servizos, programas e prestacións socioeconómicas destinadas ás persoas con autismo que poidan facilitar cara a unha mellora na calidade de vida de todas elas.

Todas estas accións levadas a cabo tanto pola Federación como pola Rede de Entidades da Federación Autismo Galicia están dirixidas a persoas diagnosticadas con TEA, ás súas familias, familias con sospeita dun diagnóstico de TEA no seu familiar, profesionais, estudantes, así como calquera persoa interesada.



SERVIZO DE ORIENTACIÓN SOCIO-FAMILIAR

O servizo está dirixido a persoas con TEA, familias, profesionais e interesados e interesadas.

A súa finalidade é prover de información, asesoramento e apoio ás persoas interesadas para mellorar a atención específica e o coñecemento das persoas con TEA abordando as súas necesidades de xeito transversal e pleno.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- 1 Difundir o coñecemento sobre o autismo.
- 2 Realizar un asesoramento e información sobre itinerarios para realización do diagnóstico, dos servizos e apoio na xestión dos recursos dentro da rede de servizos das entidades da Federación.
- 3 Ofrecer información sobre servizos, programas, recursos e axudas socio-económicas dirixidos ás persoas con TEA.
- 4 Capacitar as familias para resolver as necesidades dos seus fillos e fillas con TEA.

SERVICIO DE INFORMACIÓN E ORIENTACIÓN A FAMILIAS

Autismo Galicia conta cun servizo de información e orientación dirixido a atender as consultas de familiares que están relacionados coas persoas con TEA ou das persoas con TEA. A Federación Autismo Galicia presta atención a calquera demanda de familias e persoas con TEA sen necesidade de pertencer a unha asociación federada. Realízase asesoramento e información (presencial, por teléfono ou correo electrónico) sobre os itinerarios para a realización do diagnóstico ou derivación a centros e servizos da rede de Autismo Galicia. Ofrécese tamén información sobre a etapa educativa (bolsas, orientacións sobre escolarización...), recursos e axudas, ou sobre servizos, entidades ou programas destinados a persoas con TEA.

Destinatarios: Familiares que están relacionados coas persoas con TEA ou persoas con TEA.



PROGRAMA

ATENCIÓN SOCIO-FAMILIAR.

As familias son un grupo de especial interese e atención da rede de servizos da Federación Autismo Galicia. Coñecemos a necesidade das familias de verse acompañadas no seu proceso vital, tanto na procura de servizos para os fillos/as como no apoio ás súas propias demandas que van dende a posibilidade de ter espazos de formación, xestión de coñecemento, autoapoio, fomento asociativo, capacitación para a toma de decisión entre outras moitas.

O desenvolvemento do Programa de Atención Socio familiar lévase a cabo directamente pola Federación Autismo Galicia mediante a modalidade de subcontratación coas seguintes entidades:

- **Federación Autismo Galicia**
- **Asociación Capaces Lugo**
- **Fundación Menela**
- **Fundación Autismo Coruña**
- **Fundación Tutelar Camiño do Miño**
- **Asociación Por Eles TEA**

O obxectivo deste programa é promocionar servizos específicos e especializados para familias de persoas con TEA.

OBXECTIVO ESPECÍFICO:

Desenvolver unha atención específica ás familias de persoas con TEA que aborde as súas necesidades de forma transversal.



FOLLA DE RUTA PARA A PROVISIÓN DE SERVICIOS AO ENVELLECIMENTO NO AUTISMO

ACTIVIDADES:

ESTUDO SOBRE O ENVELLECIMENTO NAS PERSOAS CON TEA MAIORES DE 40 ANOS.

Consideramos importante comezar intentando coñecer de forma obxectiva cal é a realidade do envellecemento nas persoas con TEA na nosa comunidade autónoma, co fin de trazar liñas de actuación e programas de intervención dirixidos de forma específica a poboación con TEA.

Realizamos un estudo sobre o perfil e as necesidades das persoas maiores con TEA desde diferentes perspectivas: persoal, familiar e social. Recollemos datos de persoas con TEA en proceso de envellecemento, como as sinais de alerta no proceso de envellecemento, barreiras que atopan nos diferentes servizos, a situación social de participación na comunidade destas persoas, etc. Ademais coñecemos a realidade das nosas entidades.

Para iso fixemos dúas consultas: unha consulta a través dunha enquisa a familias e persoas con TEA maiores de 40 anos, sobre como é o seu proceso de envellecemento. E unha enquisa e grupo de traballo coas entidades de Autismo Galicia para analizar a carteira de servizos. Esta información permítenos promover nun futuro programas de intervención especializados.






Persoas destinatarias: profesionais das entidades de Autismo Galicia.

Data de realización: 23 de novembro de 2022

Lugar de realización: modalidade en liña a través de ZOOM.

Horario: 10h - 11h

Asistentes: 11 profesionais (2 homes / 9 mulleres)



BOAS PRÁCTICAS EN ENVELLECIMENTO EN TEA.

Realizáronse dúas xornadas, unha dirixida a profesionais das nosas entidades e outra dirixida a familias.

Xornada interna de análise dos servizos para as persoas con TEA na etapa do envellecemento.

A reunión cos profesionais das entidades de Autismo Galicia (Asperga, Aspanaes, Apacaf, Autismo Vigo, Fundación Menela) serviu para dar estratexias e ferramentas de apoio no proceso de envellecemento e realizar unha conversa onde se analizou a situación das persoas maiores con TEA da nosa comunidade e reflexionou sobre a carteira de servizos que poden garantir o seu benestar.

Esta xornada marcou o inicio dun traballo con continuidade no tempo dun grupo de traballo de expertos en TEA e envellecemento na nosa comunidade.

SERVIZO DE EMPREGO E FORMACIÓN

Dende a Federación Autismo Galicia desenvolvemos varias liñas de traballo que teñen por obxectivo mellorar a capacitación das persoas con TEA para o acceso ao mercado laboral.

O servizo de emprego da Federación Autismo Galicia traballa en colaboración e coordinación coas súas entidades asociadas e a Confederación Autismo España coa finalidade de intercambiar coñecementos sobre estratexias de inclusión laboral, recursos formativos, capacidades de persoas con TEA no ámbito laboral, así como compartir experiencias e boas prácticas.

O servizo de emprego está aberto a todas aquelas persoas con TEA que desexan incorporarse ao mercado laboral pero precisan de apoios e recursos para logralo.



ACCIÓNS DE INFORMACIÓN E ORIENTACIÓN LABORAL

Realizáronse acción de información e orientación laboral dirixidas ás persoas con TEA, usuarias das entidades asociadas así como a outras persoas con autismo que acudiron ao servizo.

Fixéronse entrevistas de orientación nas que se deron a coñecer os diferentes métodos e técnicas que se empregan para a búsqueda de emprego, déronse as claves para a elaboración de carta de presentación e currículo, así como as pautas a seguir no desenvolvemento dunha entrevista de selección.

Tras esta primeira fase, elaboráronse o deseño e os itinerarios individuais e personalizados de inserción adecuados aos intereses e motivacións das persoas beneficiarias. Destaca a labor de asesoramento sobre avaliación de competencias e certificados de profesionalidade. Tamén as accións de información a familias e concreción de datos sobre a oferta formativa tanto pública como privada.

Total beneficiarios: 82 persoas

ACCIÓNS DE FORMACIÓN EN HABILIDADES PRELABORAIS

Realizáronse actividades formativas grupais e individuais en habilidades prelaborais dirixidas a incrementar a empregabilidade das persoas con TEA.

Total beneficiarios: 82 persoas

ACCIÓNS DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO ÁS ENTIDADES ASOCIADAS EN MATERIA DE EMPREGO

Ofreceuse información e asesoramento ás entidades asociadas no ámbito do emprego e formación: convocatorias de axudas e subvencións, formación para o emprego, certificados de profesionalidade, ofertas de emprego e formas de acceso ao emprego público para persoas con discapacidade.

ACCIÓNS DE PROSPECCIÓN EMPRESARIAL

Realizáronse accións de sensibilización e implicación do tecido empresarial en relación co colectivo e as súas potencialidades para o emprego. Ofreceuse información sobre as capacidades laborais das persoas con TEA, beneficios fiscais e os recursos dispoñibles para facilitar a súa adaptación ao posto de traballo. Realizáronse accións de prospección empresarial.

Contactouse co tecido empresarial co fin de localizar postos de traballo en distintos sectores de actividade adecuados ao perfil das persoas beneficiarias. Autismo Galicia promoveu a contratación de persoas con autismo no mercado de traballo. Para levar a cabo esta función a entidade está en coordinación e contacto con empresas coas que se subscriben convenios de colaboración.



**PARTICIPANTES
CON TEA**



EAPN EMPREGO: PROGRAMA INTEGRADO PARA O FOMENTO DA EMPREGABILIDADE DIRIXIDO A PERSOAS VULNERABLES NO MARCO DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA

PROGRAMA INTEGRADO PARA O FOMENTO DA EMPREGABILIDADE DAS PERSOAS VULNERABLES

No marco do convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego e Igualdade, EAPN Galicia, e a Federación Galega de Autismo, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, permite que as persoas con autismo melloren as súas posibilidades de acceso ao emprego.

A Federación Autismo Galicia desenvolveu o programa en colaboración coas Asociacións ;

1. ASPANAES en Ferrol
2. ASPERGA en A Coruña

O programa pon en práctica as ferramentas necesarias para formar persoas con autismo, a través da súa formación prelaboral, técnicas de busca de emprego,

uso das novas tecnoloxías, habilidades sociais e laborais, autonomía persoal, así como formación ocupacional: actividades auxiliares conserxe, cociña básica, operacións e competencias transversais mixtas.

As persoas participantes reciben unha atención personalizada por parte dos orientadores laborais, adaptada ás características das persoas con TEA.

O obxectivo xeral é levar a cabo unha intervención integral que dote ás persoas participantes das motivacións, habilidades, competencias e capacidades que require o tecido empresarial para o acceso ao emprego, de xeito que a través da integración laboral se poida revertir a súa situación de exclusión social.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

1. Ofrecer unha atención personalizada e integral, adaptada ás características das persoas con discapacidade a través de diversas técnicas e ferramentas respondendo á definición e posta en marcha dun proxecto de vida e/ou profesional.
2. Mellorar o nivel de empregabilidade das persoas beneficiarias do programa, empregando tanto os recursos comunitarios como de orientación laboral necesarios para cada caso concreto.
3. Facilitar actividades formativas para a consecución do obxectivo profesional, tanto a nivel profesional (técnicas de procura de emprego, uso de novas tecnoloxías, habilidades laborais, mercado laboral...) como persoal (autoestima, autonomía persoal, motivación cara ao traballo, habilidades sociais...).
4. Promover a consecución da inserción laboral a través da posta en marcha dos itinerarios personalizados de inserción.
5. Coñecer as características e necesidades do tecido empresarial da contorna.

Persoas destinatarias: persoas con TEA.

Asistentes: 31 persoas.



En Formación ocupacional realizáronse as seguintes actividades formativas:

FORMACIÓN PRELABORAL

1.	Autocoñecemento	04 horas
2.	Habilidades Sociais	18 horas
3.	Orientación laboral	04 horas
4.	Elaboración de currículos e os seus tipos	08 horas
5.	Carta de presentación e autocandidatura e videocurrículum	02 horas
6.	O proceso de selección. A entrevista persoal	04 horas
7.	Procura activa de emprego	04 horas
8.	A comunicación non verbal no ámbito laboral	06 horas
9.	Competencias dixitais para a procura de emprego	04 horas
10.	Habilidades comunicativas para a procura de emprego	06 horas
11.	Dinamización e motivación autoemprego	06 horas
12.	Habilidades Dixitais para o Emprego	13 horas
13.	Habilidades Comunicativas para o Emprego I e II	04 horas
14.	Elevator Pitch	04 horas
15.	Entrenamento Entrevista de Traballo	04 horas
16.	Dinámicas de grupo I e II	04 horas
17.	Posta en marcha curso en liña	08 horas
18.	Directorios de Empresas	02 horas
19.	Procesos Selección	02 horas
20.	Contratos laborais	02 horas

FORMACIÓN OCUPACIONAL

1.	Actividades Auxiliares de Conserxe. 55 horas
2.	Operacións básicas de Cocina. Elaboracións básicas de Pastelería-Repostería. Manipulador de Alimentos. 55 horas
3.	Competencias Transversais Mixtas. 25 horas
4.	Competencias Dixitais. 30 horas
5.	Xestións Básicas de Almacén. 20 horas

RESULTADOS DO PROGRAMA

31 participantes iniciaron o Itinerario Personalizado de Inserción
 29 participantes obtiveron o resultado de : Finalización do Itinerario sen Inserción.
 2 abandonaron voluntariamente
 2 tiveron contrato laboral de poucos días: entre 2-5 días
 334 accións de carácter individual
 55 accións de carácter grupal
 5 cursos de formación ocupacional
 23 obradoiros de formación prelaboral

ITINERARIO FORMATIVO, FASES:



SERVIZO DE ATENCIÓN A PERSOAS CON TEA

PROGRAMA DE APOIO PSICOLÓXICO A PERSOAS CON TEA

PARTICIPANTES CON TEA

30 PERSOAS

Programa de apoio psicolóxico na intervención afectivo-sexual a mozos e mozas con TEA (entre 16 e 21 anos).

O programa consistiu na realización de 45 obradoiros psicoeducativos que reforzaron habilidades sociais, de comunicación, afectivo-sexuais e de desenvolvemento persoal, traballando desde o seu autoconcepto e a súa autoestima. Tratamos de contribuír á aprendizaxe de habilidades de autoconecemento, habilidades para aceptarse e a para expresar a propia sexualidade de modo que lles resulte satisfactorio.

O programa foi desenvolto pola Asociación ASPERGA.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

1. Reforzar estratexias para o manexo das habilidades socio-emocionais.

2. Promover habilidades de comunicación, empatía, expresión emocional.
3. Desenvolver e impulsar a mellora do autoconcepto e a autoestima.
4. Posibilitar a aceptación persoal da sexualidade en todas as dimensións: pracer, saúde, afectividade e fecundidade.
5. Comprender e coñecer o desenvolvemento sexual humano, tomar conciencia e aceptar a figura corporal.
6. Comprender os mecanismos da reprodución.
7. Coñecer e analizar o desexo sexual humano, a súa orientación e as súas manifestacións.
8. Coñecer os elementos básicos da resposta sexual e os afectos e emocións asociados.
9. Recoñecer as necesidades afectivas e a súa evolución.
10. Desenvolver estratexias persoais e colectivas para o análises e a resolución de problemas que se poden presentar en torno a sexualidade entre os outros.

PROGRAMA DE PROTECCIÓN SOCIAL E XURÍDICA A PERSOAS CON TEA E FAMILIAS

PARTICIPANTES CON TEA

33 PERSOAS

O programa de protección social e xurídica englobou diferentes actividades de asesoramento social e xurídico a persoas con TEA e familias.

A modalidade de prestación do servizo fíxose mediante subcontratación de servizos coa entidade federada Apacaf

O obxectivo deste programa é informar e asesorar a persoas con TEA e familias no ámbito social e xurídico.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

1. Informar, asesorar e xestionar os recursos sociais que poidan ser solicitados a favor da persoa con autismo.
2. Informar, asesorar sobre temas xurídicos
3. Facilitar ás persoas adultas con TEA a súa capacidade para o exercicio da súas capacidade xurídica en igual de condicións que os demais

PROGRAMA DE PREVENCIÓN DO DETERIORO COGNITIVO DAS PERSOAS CON TEA

PARTICIPANTES
CON TEA

138
PERSOAS

O programa de prevención do deterioro cognitivo consiste nun tratamento terapéutico que, por medio das técnicas adecuadas, ten por finalidade manter, mellorar o funcionamento dalgunha ou dalgunhas das capacidades cognitivas superiores (razoamento, memoria, atención, concentración, linguaxe e similares), das capacidades funcionais, a conduta e/ou a afectividade.

No citado programa trabállanse tamén actividades básicas da vida diaria e actividades de psicomotricidade que melloran as habilidades de movemento, coordinación, equilibrio, etc. das persoas con TEA.

O programa foi desenvolvido polas seguintes entidades:

- Asociación APACAF
- Asociación AUTISMO VIGO
- Asociación ASPANAES
- Fundación MENELA
- Asociación ASPERGA

O obxectivo deste programa é prever o deterioro cognitivo en persoas con TEA promovendo oportunidades e facilitando apoios específicos.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

1. Favorecer actuacións que contribúan á prevención de problemas de saúde e proporcionar os apoios necesarios.
2. Promover hábitos de vida saudables.
3. Procurar apoio individualizado en actividades da vida diaria, favorecendo a adquisición de aprendizaxes e competencias funcionais e significativas, e a reserva cognitiva das persoas con TEA.
4. Mellorar as habilidades de pensamento e as capacidades xerais de planificación e autocontrol.

PROGRAMA DE RESPIRO E APOIO Á CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR E LABORAL

O programa englobou distintas actividades de respiro familiar. A modalidade de prestación do servizo fíxose mediante subcontratación de servizos coas entidades federadas : Apa Menela, Apa Castro Navás e Por Eles TEA.

O obxectivo deste programa é facilitar a conciliación da vida persoal , familiar e laboral das familias de persoas con TEA a través de apoios especializados.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

1. Facilitar o acceso e a participación nas actividades de respiro familiar
2. Reducir a sobrecarga emocional e física á que se ven sometidas as familias de persoas con TEA

PROGRAMA DE PARTICIPACIÓN COMUNITARIA TEA-ACTIVA

PARTICIPANTES
CON TEA

07
PERSOAS

O programa participación comunitaria TEA- Activa da Federación Autismo Galicia consta de distintas actividades de participación na comunidade a través das cales preténdese mellorar as habilidades sociais e a autonomía persoal das persoas con TEA.

A modalidade de prestación do servizo fíxose mediante subcontratación de servizos coa entidade federada Por Eles TEA. O obxectivo deste programa é facilitar ás persoas con TEA o uso e goce dos recursos comunitarios como forma de incrementar a súa calidade de vida.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

1. Proporcionar os apoios necesarios para que a persoa con TEA dispoña dos recursos para gozar do seu tempo de lecer e tempo libre de forma autónoma.
2. Aumentar a autonomía persoal das persoas con TEA potenciando que sexan eles os que elixan e tomen as súas propias decisións
3. Potenciar as relacións persoais e as habilidades sociais necesarias para unha adaptación social adecuada.
4. Fomentar os cambios nas situacións e contornas sociais que dificulten a inclusión social das persoas con TEA.
5. Potenciar as relacións interpersoais de amizade e afecto co grupo.

PROGRAMA DE DETECCIÓN E ATENCIÓN TEMPERÁ DO TEA

PARTICIPANTES


70
 PERSOAS

O programa de detección e atención temperá do TEA, englobou a actividade "Autismo En Rede". A modalidade de prestación do servizo fíxose mediante subcontratación de servizos coa entidade federada Apa Menela.

O obxectivo deste programa é sensibilizar, informar e orientar a profesionais da importancia que ten poder establecer un diagnóstico precoz con este tipo de trastornos, para proporcionarlles canto antes unha intervención adecuada que mellore a calidade de vida das persoas con TEA e as súas familias, de modo que nun futuro poidan chegar a ser o máis autónomos posible.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

1. Promover o coñecemento e divulgación dos TEA favorecendo a prevención, identificación, diagnose precoz e atención temperá
2. Informar e incrementar os coñecementos en TEA do persoal docente das Escolas de Educación Infantil.

PROGRAMA DE EMPODERAMENTO E CAPACITACIÓN DE FAMILIAS DE PERSOAS CON TEA

 PARTICIPANTES
 CON TEA


55
 PERSOAS

O programa de empoderamento e capacitación de familias de persoas con TEA englobou diferentes actividades de asesoramento e apoio a familias de persoas con TEA que ten como obxectivo empoderar e capacitar ás familias de persoas con TEA para o desenvolvemento das tarefas de coidados e atención do seu familiar.

A modalidade de prestación do servizo fíxose mediante subcontratación de servizos coas entidades federadas Autismo Vigo e Por Eles TEA.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

1. Dotar de estratexias ás familias de persoas con TEA para a provisión de coidados.
2. Dar resposta á diferente sintomatoloxía dos familiares dos usuarios relacionada coa crianza dun fillo con TEA
3. Mellorar o clima familiar e a calidade de vida das familias
4. Diminuír o estrés familiar para mellorar a intervención dos nenos con TEA no ámbito familiar

PROGRAMA DE ATENCIÓN A PERSOAS CON TEA

 PARTICIPANTES
 CON TEA


193
 PERSOAS

Este programa promoveu as oportunidades de desenvolvemento persoal, reforzo da autonomía, habilidades sociais e comunicativas de persoas con TEA en entornas que forman parte da súa vida cotiá: o traballo, o ocio e/ou outras facetas vitais, dando prioridade ao aspecto lúdico das actividades, propiciando non só unha intervención terapéutica senón que esta sexa feita nun contexto de ocio e goce da persoa participante, respectuoso cos seus gustos, intereses e inquietudes.

O programa lévase a a cabo directamente pola FAG mediante subcontratación coas seguintes entidades:

- Asociación de Pais do Centro Castro Navás
- Asociación de Pais do Centro Menela
- Asociación de Nais e Pais do Centro Os Mecos
- Asociación Aspanaes
- Asociación Autismo Vigo
- Asociación APACAF

- Asociación ASPERGA
- Asociación TRASCOS
- Asociación Un Máis

O obxectivo deste programa é promocionar servizos específicos e especializados para persoas con TEA en Galicia.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

1. Facilitar a participación nos servizos básicos de coidado persoal con autonomía e seguridade.
2. Facilitar a participación das persoas con TEA no contexto comunitario.
3. Mellorar as habilidades sociais e comunicativas en contornas naturais.
4. Fomentar o goce de ocio adaptado ás necesidades específicas das persoas con TEA de forma inclusiva e continua como parte do seu plan de vida persoal.

ACCESIBILIDADE COGNITIVA





Accesibilidade cognitiva abarca todas aquelas estratexias que axudan a que as persoas que presentan necesidades derivadas de procesos cognitivos diferentes, entre as que están as persoas con TEA, poidan acceder á información e procesala para utilizala na súa adaptación ao medio.

O noso servizo de accesibilidade cognitiva, incluído nesta área, está formado por persoal especializado en materia de trastorno do espectro do autismo e coñecemento específico en accesibilidade cognitiva aplicada ao mesmo.

Este servizo constitúese como garantía de homoxeneidade na aplicación de medidas de accesibilidade cognitiva na Comunidade Autónoma de Galicia.

Levando a cabo a creación de materiais que faciliten á persoa con TEA a comprensión de procesos, normas ou actividades, e a valoración e sinalización de espazos con pictogramas.

Pero tamén destacamos como importantes as accións de formación e asesoramento a profesionais sanitarios, educativos ou da administración para mellorar o acceso e a comunicación das persoas con TEA.

Con este obxectivo elaboramos recursos en lectura fácil e publicacións, como a guía "Comprendo a miña contorna", que recollen aspectos relacionados coa accesibilidade e as necesidades das persoas con TEA e propostas de mellora nas contornas.

SERVIZO DE ACCESIBILIDADE COGNITIVA



Contribuír na mellora da accesibilidade cognitiva de espazos, produtos, recursos e documentos executando axustes razoables e ofertando asesoramento e información a entidades públicas e privadas.

Este proxecto beneficia a un amplo número de cidadáns. Como referentes especializados, o servizo de accesibilidade cognitiva da Federación Autismo Galicia pretende crear contornas, bens, recursos ou servizos accesibles cognitivamente a través da avaliación de necesidades e barreiras cognitivas, sinalización de espazos, adaptando materiais que faciliten ás persoas a comprensión da información.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- 1 Transferir información e coñecemento en materia de accesibilidade cognitiva.
- 2 Difundir e sensibilizar sobre a accesibilidade cognitiva dende un enfoque psicoeducativo.
- 3 Alcanzar un compromiso cos servizos nas medidas de mellora en accesibilidade cognitiva de espazos para persoas con TEA.
- 4 Realizar unha proposta de adaptación que conte co máximo grao de comprensión por parte das persoas con TEA.
- 5 Realizar unha adaptación de espazos públicos de uso frecuente por persoas con TEA mediante a instalación de sinalética comprensible para todos: pictogramas.
- 6 Adaptar recursos, documentos ou produtos para que a información sexa accesible para todos.



**SERVIZOS DE ACCESIBILIDADE COGNITIVA
DESENVOLVIDOS DURANTE ESTE ANO**

COLABORACIÓN CON VENTEA PARA PROMOCIONAR O OCIO ACCESIBLE PARA TODOS E TODAS.

Dende a Federación Autismo de Galicia colaboramos con VenTEA, para promocionar un ocio máis accesible e inclusivo. Adaptamos e promocionamos o pase dunha película dentro do contexto do VII Festival de Cinema Inclusivo de Vigo.

ACCIÓNS REALIZADAS:

1. Material de anticipación para preparar a saída ó cine.
2. Apoios visuais no cine (sinalética accesible e normas do cinema).
3. Adaptación do ambiente: Luz ambiente na sala de proxección, volume máis baixo do habitual, proxección da película sen tráileres nin anuncios. E fóra da sala unha mesa con xogos e materiais sensoriais por se a persoa tivese que saír da sala de proxección.

PROXECTO 1 DE 100 PLUS.

O proxecto 1 de 100 plus é un proxecto financiado pola Deputación da Coruña, que pretende formar a especialistas dos diferentes colexios profesionais, ademais de contribuír á sensibilización, á mellora do coñecemento dos profesionais colexiados e a tecer redes de colaboración por medio de conferencias formativas.


ACCIÓNS REALIZADAS:


As actividades do proxecto foron as seguintes:

Creación dunha ferramenta destinada aos fisioterapeutas e terapeutas ocupacionais para ofertar unha serie de recomendacións de propostas de actuación: medidas de accesibilidade cognitiva no espazos; mellora da sinalética, mellora nos criterios ambientais, consellos e orientacións sobre a comunicación cos pacientes. Esta ferramenta é unha web no portal www.autismogalicia.org "1 de 100 plus".



Persoas destinatarias: persoas que acudiron a ver a película de "Valentina" no festival de cine inclusivo de Vigo, especialmente as persoas con dificultades cognitivas e de comunicación ao beneficiarse da comprensión da información a través de apoios visuais (pictogramas).





Persoas beneficiarias: usuarios e técnicos do Punto de encontro familiar da Fundación Meniños en Ribeira.

Docentes: Aitana Garcia e Cristina Couto , técnicos da Federación Autismo Galicia.

Persoas destinatarias da formación: Técnicos da Fundación Meniños.

Modalidade/Lugar: modalidade en liña con ZOOM

Lugar: Punto de encontro familiar da Fundación Meniños en Ribeira.

Data: 20 de maio do 2022.

Asistentes: 4 participantes, todo o equipo do PEF Ribeira (1 home / 3 mulleres).



MEDIDAS DE ACCESIBILIDADE COGNITIVAS CENTROS E SERVIZOS DA FUNDACIÓN MENIÑOS DO PUNTO DE ENCONTRO FAMILIAR DE RIBEIRA.

Desenvolvemos o servizo de accesibilidade cognitiva a través de diferentes medidas de accesibilidade cognitiva no espazo de encontro familiar da Fundación Meniños en Ribeira.

ACCIÓNS REALIZADAS:

1. Análise e valoración de necesidades para a aplicación de medidas de accesibilidade cognitiva.
2. Elaboración dunha proposta de sinalización que mellora a accesibilidade cognitiva.
3. Edición dos materiais necesarios para a adaptación.
4. Entrega de materiais informativos sobre accesibilidade cognitiva.
5. Instalación de pictogramas nos espazos acordados.
6. Total de pictogramas colocados: 52
7. Informe de Asesoramento.
8. Formación a profesionais do PEF Ribeira. A formación tivo por título: Xornada Formativa en Accesibilidade Cognitiva. E tratou de sensibilizar e informar sobre as medidas de accesibilidade que se han de ter en conta, e como mellorar a comunicación e a atención coas persoas con TEA.

MEDIDAS DE ACCESIBILIDADE COGNITIVAS DOWN GALICIA E NA ASOCIACIÓN DOWN COMPOSTELA.

Desenvolver o servizo de accesibilidade cognitiva a través de diferentes medidas de accesibilidade cognitiva en Down Galicia e Down Compostela.

ACCIÓNS REALIZADAS:

1. Análise e valoración de necesidades para a aplicación de medidas de accesibilidade cognitiva.
2. Elaboración de proposta de pictogramas que mellore a accesibilidade cognitiva.
3. Edición dos materiais necesarios para a adaptación.
4. Entrega de materiais informativos sobre accesibilidade cognitiva.
5. Informe de Asesoramento.
6. Instalación de pictogramas nos espazos acordados.
7. Relación de pictogramas colocados: 50



REDE DE ACCESIBILIDADE

A rede asociativa da entidade é garantía de homoxeneidade na aplicación de medidas de accesibilidade cognitiva na Comunidade Autónoma de Galicia.


Esta rede asociativa da Federación Autismo Galicia está conformada por 9 entidades interesadas

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- 1 Executar servizos de accesibilidade cognitiva entre a rede de entidade.
- 2 Crear un traballo coordinado e de colaboración, para a divulgación da accesibilidade cognitiva a través de accións e formación.
- 3 Homoxeneizar o establecemento de medidas de accesibilidade cognitiva que se levarán a cabo nas diferentes entidades de carácter público ou privado da Comunidade Autónoma de Galicia, que soliciten o noso servizo.



XERAMOS
INFORMACIÓN
ACCESIBLE
PARA TODAS AS
CONTORNAS



VÍDEO: xuño accesible

DIFUSIÓN E INFORMACIÓN SOBRE ACCESIBILIDADE COGNITIVA A ENTIDADES PÚBLICAS E PRIVADAS.

Realizouse un traballo ao longo do ano con divulgación de información sobre como mellorar os espazos, edificios, medios de transporte, tecnoloxías, a entidades tanto públicas como privadas. Promocionamos o noso servizo mediante o envío de recursos informativos no noso servizo de accesibilidade cognitiva por medio de diferentes canles de comunicación.

Campaña de sensibilización específica “Xuño accesible” :


Elaboración de materiais técnicos de sensibilización sobre recursos de accesibilidade.

Realizouse unha campaña de sensibilización específica “Xuño accesible” na que se elaboraron diferentes recursos: infografías, vídeo e materiais descargables, e difundíuse a través das nosas canles (web e redes sociais), así como envíos de correo electrónico para impulsar o servizo de accesibilidade.

Estes recursos foron dirixidos a organismos tanto de titularidade pública como privada, así como a sociedade en xeral para sensibilizar sobre as barreiras que atopan as persoas con dificultades cognitivas e comunicativas co procesamento da información.

Asesoramento sobre accesibilidade a entidades públicas e privadas.

Para levar a cabo adaptacións en accesibilidade en organismos públicos e privados, efectuamos previamente un informe sobre os axustes razoables e propostas de accesibilidade cognitiva que se podían levar a cabo nos organismos. Realizamos actuacións de adaptación de espazos con sinalética con pictogramas, como por exemplo no Centro de saúde de Tui, no Centro de saúde da Estrada ou en entidades do terceiro sector en Ribeira ou en Santiago. E formamos sobre accesibilidade en Centros educativos (CRA Maria Zambrano, CEIP Pedro Caselles, ou no Concello de Xove.)




Información e formación aos integrantes da rede sobre novidades, e recursos sobre accesibilidade cognitiva.

Estudo das necesidades e asesoramento sobre accesibilidade cognitiva e ferramentas dixitais.

Traballamos en coordinación con expertos (consultora Puntodis) en accesibilidade cognitiva. Ofrecéronnos asesoramento a través da revisión e análise de categorías sensibles de barreiras da información dentro dos nosos medios.

O seu traballo baseouse no coñecemento dos procesos, tarefas e canles de comunicación que utilizamos na rede de accesibilidade e coa nosa contorna, poñendo especial fincapé nas ferramentas de carácter dixital.

Esta análise tivo por finalidade detectar boas prácticas, necesidades e realizarnos un asesoramento estratéxico na busca de melloras para executar.





MELLORA NA ATENCIÓN AO ALUMNADO CON TEA

Todos os nenos e nenas con autismo, con independencia da súa modalidade escolar, requiren de atención específica e individualizada. Necesitan unha experiencia educativa que compense as súas dificultades e que lles permita desenvolver o seu potencial a través dunha intervención especializada.

Autismo Galicia, desenvolve o seu programa para a mellora de atención educativa ao alumnado con TEA como parte dunha rede de recursos de apoio.

É obxectivo da Federación mellorar a atención educativa ao alumnado con TEA, así como deseñar e asesorar acerca de medidas de actuación.

Nas nosas accións está a función de asesorar a centros educativos sobre medidas e ferramentas máis eficaces para a intervención con alumnado con TEA.

Formación dirixida ao profesorado, sensibilizar á comunidade educativa co obxectivo de mostrar a realidade das persoas con autismo, e promocionar a accesibilidade cognitiva nas contornas educativas.



PROGRAMA DE MELLORA NA ATENCIÓN AO ALUMNADO CON TEA


O programa trata de contribuír na mellora da accesibilidade cognitiva executando axustes razoables e ofertando asesoramento e información ás contornas educativas.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

1. Difundir coñecemento sobre o autismo, a súa accesibilidade cognitiva e a atención en relación as súas características, causas, intervención e formas eficaces de apoio ao alumnado con Trastorno do espectro do autismo (TEA)
2. Sensibilizar sobre a accesibilidade cognitiva dende un enfoque psicoeducativo.
3. Realizar unha proposta de adaptación do espazo e recursos do centro que conte co máximo grao de comprensión por parte da comunidade educativa.

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS

- O PROXECTO DE ACCESIBILIDADE COGNITIVA EN CONTORNAS EDUCATIVAS.
- PROXECTO DE FORMACIÓN AO PROFESORADO.



PROXECTO

ACCESIBILIDADE COGNITIVA EN CONTORNAS EDUCATIVAS

O proxecto de accesibilidade cognitiva en contornas educativas pretende facilitar a comprensión e uso da información, mediante a realización de medidas e axustes razoables nos espazos, documentos, procesos etc dos centros educativos.

ACCIÓNS DO PROXECTO

1. Valoración dos espazos do centro e adaptación de materiais en lectura fácil.
2. Informe sobre as barreiras de accesibilidade cognitiva e, sobre as medidas desenvoltas polo centro educativo que sexan positivas en materia de accesibilidade cognitiva.
3. Formar e sensibilizar a docentes e outros axentes da comunidade educativa sobre accesibilidade cognitiva a través dunha formación concretada e material informativo.
4. Instruír e sensibilizar ao alumnado do centro sobre a accesibilidade cognitiva e os beneficios da mesma para todas as persoas.

A Federación leva a cabo o desenvolvemento do proxecto de accesibilidade cognitiva en contornas educativas nos seguintes centros educativos:

- **CEE Nosa Señora do Rosario (A Coruña)**

Beneficianse máis de 85 persoas / 14 e 21 de marzo a 14 docentes.

- **IES Ollos Grandes (Lugo)**

Beneficianse máis de 745 persoas / 27 e 28 de novembro a máis de 300 alumnos e alumnas.

- **CRA María Zambrano (O Rosal- Pontevedra)**

Beneficianse máis de 150 persoas / 15 docentes.

- **CEIP Pedro Caselles (Xove-Lugo)**

Beneficianse máis de 150 persoas / 26 de outubro a 25 docentes.

FORMACIÓN

PROFESORADO

Esta actividade formativa, orientada a docentes dos centros educativos de Galicia, ten por finalidade propiciar a transferencia do coñecemento sobre os TEA no ámbito educativo.

Actividade formativa "Coñeces ao teu alumnado con autismo". No CEIP Quiroga de Lugo.

As formacións consistiron nunha exposición teórica sobre a atención ao alumnado con TEA, traballouse con exemplos reais e intercambiáronse ideas e experiencias, coa intención de mellorar a atención que os profesionais prestan ás persoas con TEA.



Persoas destinatarias: 15 docentes (12 mulleres e 3 homes)

Lugar de celebración: CEIP Quiroga (Quiroga, Lugo)

Docente: Cristina Couto, psicóloga da Federación Autismo Galicia.





**MELLORA
NA ATENCIÓN
SANITARIA
E SAÚDE**

O Programa de Atención Sanitaria e Saúde e o seu coidado é unha área de incidencia e acción moi importante no traballo que desenvolvemos, dado que é un dos alicerces fundamentais do benestar persoal e emocional sobre o que se soporta a calidade de vida de calquera persoa, con independencia das súas circunstancias particulares pero sen descoidalas en absoluto.

Coidar a saúde das persoas con TEA é algo que nos preocupa e que queremos desenvolver desde as nosas posibilidades de actuación e en consonancia cos nosos principios. Para iso é absolutamente necesario contar, por unha banda, coas persoas con TEA, as súas familias, os seus coidadores e, por outra, co sistema sanitario e os seus profesionais, en cuxo coñecemento e experiencia depositamos parte dese coidado.

É obxectivo primordial mellorar o coidado da saúde das persoas con TEA, así como mellorar a efectividade da asistencia.

Somos unha entidade que conta con experiencia e unha ampla rede de servizos coordinada a nivel autonómico, en liña con redes estatais e europeas, polo que o coñecemento que somos capaces de compartir baséase na evidencia e experiencia.

autismogALICIA

PRINCIPIOS SOBRE A ATENCIÓN A PERSOAS CON TEA EN ENFERMERÍA

PROGRAMA DE ATENCIÓN SANITARIA E SAÚDE DA FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA

- Intento minimizar os tempos nas salas de esperas e entre procedementos sanitarios, e se é posible que sexan nun espazo tranquilo.
- Escouito as propostas do acompañante para mellorar a efectividade da experiencia.
- Non obrigo á persoa a realizar o procedemento, xa que pode resultar contraproducente.
- Evito estímulos que poden ser molestos (ruído, olores fortes, luces intensas...) do lugar de atención.
- Evito obxectos, materiais, roupa que poidan xerar ansiedade. Por exemplo a bata.
- Anticipo: Explico o meu papel, os instrumentos que se utilizarán e o obxectivo, antes de comezar, e durante o mesmo. Evito os imprevistos. Se é posible, fago unha preparación previa da consulta coa persoa e familia.
- Intento anticipar mediante palabras ou apoios visuais, que tipo de probas ou exploracións se van realizar.
- Facilito obxectos que lle acheguen tranquilidade e seguridade.
- Permito descansos intermitentes, facilitará a colaboración e reducirá a súa ansiedade.
- Fomento a utilización doutras formas de comunicación. Recordo que moitas persoas con TEA non poden comunicar a dor que senten. Pregúntolle a familias por outras estratexias ou sistemas.
- Utilizo formas de comunicación sinxela. Linguaxe literal e cun ton de voz calmado. Evito a fala excesiva e o uso de termos abstractos, dúbidos sentidos, metáforas, linguaxe coloquial...
- Aseguro a comprensión do paciente.
- Espero a que a persoa chegue e procese a información acerca do seu estado de saúde.
- Dou as instrucións e pautas por escrito se é necesario.
- Deixo participar ao paciente na toma de decisión.
- Teño paciencia. As veces teño que dedicar máis tempo para unha experiencia positiva.
- Atendo a saúde mental da persoa, non só a saúde física.
- Parto da comprensión e o apoio, debido a que persoa con TEA puido ter experiencias negativas previas. Reforzo e premio calquera esforzo.
- Fomento a prevención primaria con información ás familias sobre os síntomas de enfermidades crónicas ou trastornos mentais.

Podes consultar os recursos da Federación Autismo Galicia en www.autismogalicia.org

CGG Atención Sanitaria e Saúde FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA

SEPRIS SERVICIO GALEGO DE PSICOLOXÍA XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE SANIDADE

9 MARZO

SAÚDE PARA TODAS:
"Experiencias profesionais e testemuños de mulleres con TEA"

De 17.00 a 19.00h

WEBINARIO GRATUITO ONLINE

CGG AUTISMO GALICIA

SERVIZO GALEGO DE PSICOLOXÍA

XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE SANIDADE

Persoas destinatarias: profesionais e familias, así como profesionais do ámbito social e sanitario interesados nos TEA e outros interesados e interesadas.

Docente: profesionais do servizo galego de saúde (SERGAS) e profesionais das entidades de Autismo Galicia.

Participantes: 52 (4 homes / 48 mulleres).

09 MAR.

2 HORAS

52 PERSOAS

@ ZOOM

PROGRAMA MAS TEA.

O programa trata de contribuír mellorar a atención sanitaria de pacientes con necesidades específicas de apoio, trastorno do espectro do autismo.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

1. Identificar e implementar elementos de mellora do sistema que satisfagan as necesidades do paciente con TEA en relación con él.
2. Diseñar medidas que faciliten a comunicación entre o paciente e a súa familia cos profesionais da saúde.
3. Identificar ferramentas que promovan a autonomía e faciliten a asistencia e procesos sanitarios e de coidado da saúde.
4. Desenvolver procesos e protocolos de mellora para a atención do paciente con TEA, baseados nunha atención integral.

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS

CAMPAÑA DE DIFUSIÓN EN RRSS E WEB SOBRE A HUMANIZACIÓN E ACCESIBILIDADE DOS SERVIZOS SANITARIOS.

- Publicación RRSS e web Día dos dereitos do paciente.
- Publicación RRSS e web Día da enfermmería.
- Publicación RRSS e web Recomendacións e principios sobre a atención ás persoas con TEA no ámbito da enfermmería.
- Publicación RRSS e web INFOGRAFÍA Enfermería.

CAMPAÑA DE PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DA SAÚDE ESPECIFICA DA MULLER CON TEA: XORNADA DE DIVULGACIÓN DA ESPECIFICIDADE DO TEA

A pouca investigación fala sobre que o estado de saúde das mulleres con TEA e peor que a dos homes con TEA. Os problemas de saúde na muller poden ser as alteracións que produce a medicación no ciclo menstrual, a aparición de condicións comórbidas de saúde coincidentes coa menarquía (por exemplo crises epilépticas), a vulnerabilidade das nenas e mulleres con TEA a ser vítimas de abusos sexuais, etc. Isto, pon en evidencia a necesidade do control e sensibilización do coidado da saúde xinecolóxica da muller, que moitas veces retrasase ou non se realizan pola dificultade para afrontar a realización das probas recomendadas.

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

Realizamos unha xornada de divulgación da especificidade do TEA e na importancia da saúde específica das mulleres. Esta actividade recolleu por unha banda, as experiencias prácticas profesionais sobre o coñecemento da saúde e a detección e apoio das necesidades das mulleres con autismo e por outra, testemuños vitais de mulleres con TEA sobre as súas experiencias no coidado da saúde.



Persoas destinatarias: dentro de esta actividade achegamos a información ás persoas con TEA, familias e profesionais que traballan con persoas con autismo a través da difusión do audiovisual na nosa web, canle de youtube, redes sociais e o envío a nosa rede de entidades.

ACCIÓN DE PROMOCIÓN DA SAÚDE.

Somos conscientes das necesidades específicas que teñen as persoas con TEA para o coidado da súa saúde, condicionadas polas propias características do TEA e as características da contorna. Polo que é necesario fomentar hábitos de vida saudables mediante psicoeducación, sobre medidas de apoio e habilidades de afrontamento positivas para o desenvolvemento de habilidades funcionais nas actividades diarias e nos coidados persoais.

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

“CÓIDOME: ADICCIÓN”

Fixemos unha actividade de promoción e coidado da saúde mental nas persoas con TEA. Nesta actividade buscamos identificar adiccions nas persoas con TEA, e coñecer as sinais de alerta, as estratexias e ferramentas de prevención.

Para poder facer esta acción de promoción saúde e hábitos funcionais fixemos un traballo de análise de necesidades máis frecuentes e un valoración do que necesitan as persoas con TEA para poder levar a cabo eses coidados. Como parte do traballo creamos unhas medidas orientadas a apoiar a persoa con TEA na adquisición de habilidades relacionadas coa prevención e apoio nas condutas aditivas.

Dentro de esta actividade creouse unha ferramenta: 1 vídeo de promoción e coidado da saúde das persoas con TEA: “Cóidome: adiccions”, no que profesionais e un usuario das entidades de Autismo Galicia relatounos as súas dificultades cos videoxogos. Compartimos algunhas das dificultades que teñen as persoas con TEA que presentan as persoas con TEA e incidimos na necesidade de detección e prevención, xunto cunha actuación por parte dos profesionais.

No vídeo relátase que a adicción principal das persoas con TEA ten que ver co consumo de sustancias e adicción ás novas tecnoloxías, principalmente videoxogos e teléfono móbil.

Para crear esta ferramenta traballouse nun guiión coordinado entre a Federación Autismo Galicia e unha entidade da rede de asociacións, subcontrataron os servizos da Fundación Menela.

“ADESTRAMENTO EN AUTOCOIDADOS”.

As persoas con TEA mostran unha serie de características xerais, como a inflexibilidade, intereses restritivos, dificultade no procesamento sensorial, déficits nas funcións executivas, etc. Por iso, as persoas con TEA teñen dificultades na realización das actividades de coidado e nas actividades da vida diaria, que é necesario abordar.

Realizamos un proxecto para que as persoas con TEA leven a cabo adestramentos en autocoidados e habilidades funcionais para ter hábitos saudables. Con este programa están adquirindo ferramentas necesarias para desenvolverse no día a día.

Neste proxecto creouse un espazo para traballar hábitos e habilidades de aseo, coidado e imaxe persoal. Con este proxecto preténdese que os usuarios adquiren coñecementos e hábitos relacionados co aseo, imaxe persoal e os coidados en hábitos de vida saudable como a alimentación, que melloren a implicación dos usuarios nos seus coidados.

Esta actividade está desenvolvida mediante modalidade de subcontratación coa asociación Aspanaes.

Actualmente a actividade conta coa participación de 30 persoas con TEA do Centro Residencial Coral Seoane de Ferrol da asociación Aspanaes.



Persoas destinatarias: aínda que estas medidas de accesibilidade cognitiva se destinan e benefician a todos os pacientes, especialmente aqueles que teñen dificultades cognitivas e de comunicación.

Para a selección de centros aténdese a criterios poboacionais, existencia de unidades de atención temperá no concello ou centros de persoas con TEA ou discapacidade.

ACTIVIDADES

MELLORA DA ACCESIBILIDADE COGNITIVA.

Desenvolvemento de actividades de mellora da accesibilidade cognitiva, analizando as barreiras que deben ser superadas e mediante a colocación dunha sinalización nos centros sanitarios que identifica espazos e as actividades.

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

Accións na Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco, Área Sanitaria de Vigo e Área Sanitaria de Santiago e o Barbanza.

Durante este ano continuamos co traballo de humanización e accesibilidade cognitiva en espazos e servizos realizando a adaptación de espazos sanitarios da **Área Sanitaria de Ourense** e a **Área Sanitaria de Vigo**. Instaurouse sinalización no Complexo Universitario de Ourense no servizo de urxencias e nos centros de saúde da Doblada e o centro de Saúde Calle Cuba de Vigo, a través de sistemas alternativos e aumentativos de comunicación: Pictogramas.

Ademais continuamos coa colaboración coa Subdirección de Humanización e Atención a Cidadanía da Área Sanitaria de Santiago e o Barbanza, sinalizando novos espazos do Complexo Universitario de Santiago de Compostela (Urxencias pediátricas, UCI Pediátricas, Unidade de Alcoholismo e servizo de saúde mental infanto-xuvenil) e do novo Centro de saúde da Estrada.

Traballouse en coordinación co servizo de Atención ao Paciente e Humanización da Área Sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras e a Área Sanitaria de Vigo, chegando a un acordo de colaboración e posta en común de iniciativas.

Parte desta actividade foi subcontratada a Fundación Menela en Vigo.

PROGRAMA TEACON, TRANSFERENCIA DE COÑECEMENTO

Somos unha entidade que conta con experiencia e unha ampla rede de servizos coordinada a nivel autonómico, en liña con redes estatais e europeas, polo que o coñecemento que somos capaces de compartir baséase na evidencia e experiencia.

Creamos un programa para promocionar a saúde e a mellora da asistencia a través da transmisión do noso coñecemento sobre o TEA.

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Ser fonte de información, de consulta e de asesoramento para persoas con TEA, familias e profesionas entorno a saúde das persoas con TEA.

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS

XORNADA

HUMANIZACIÓN SANITARIA: MODELOS DE ATENCIÓN PARA A SAÚDE DAS PERSOAS CON AUTISMO.

As persoas con TEA seguen atopándose con barreiras no seu acceso ós cuidados da súa saúde, debido ás características propias do TEA e ás barreiras na contorna sanitaria. É para nós fundamental seguir avanzando no coñecemento das claves de accesibilidade e crear espazos para compartir experiencias significativas en humanización da atención sanitaria ás persoas con TEA e as súas familias, que poidan ser obxecto de réplica e mellorar a asistencia sanitaria das persoas con TEA na nosa comunidade.

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

Esta xornada tivo por obxectivo comprender as necesidades das persoas con TEA no cuidado da súa saúde e dar a coñecer as boas prácticas que se están realizando na atención sanitaria ao paciente con TEA.

Esta xornada presencial contou coa colaboración de profesionais especializados en TEA, experiencias en primeira persoa, profesionais do sistema galego de saúde e da universidade.

Nesta xornada presentamos o manual “Os meus cuidados de enfermería e outras probas médicas”. Este material está pensado para axudar as persoas con TEA e familiares a través de información visualmente adaptada, sobre os procedementos sanitarios máis habituais. Ademais ofrecemos orientacións para prepararse de forma positiva nas consultas sanitarias. Facer máis accesible o cuidado da saúde, de forma adecuada ás persoas con TEA e ás súas familias.



Persoas destinatarias: A xornada estivo destinada a profesionais do ámbito socio-sanitario, persoas con autismo, familias, e persoas interesadas no autismo en xeral.

Modalidade: presencial e retransmisión online.

Lugar: Salón de actos da Consellería de sanidade. Santiago de Compostela.


Asistentes: 168 persoas, (64 persoas en presencial e 104 en streaming) profesionais da rede de asociacións da Federación, profesionais externos, persoas con TEA e familias (153 mulleres e 15 homes).



Para achegar o manual “ Os meus cuidados de enfermería e outras probas médicas” fixemos unha distribución en papel ás persoas con TEA, familias, profesionais e servizos específicos que poidan facilitar o material de interese ás persoas con TEA ou ás súas familias.



Lugar de realización: Hospital Clínico Universitario de Santiago.



Persoas destinatarias: profesionais sanitarios do Hospital da Barbanza.

Docente: Cristina Couto Pena, psicóloga especialista en TEA e terapeuta familiar. Coordinadora de programas da Federación Autismo Galicia.

Lugar de realización: Salón de actos do Hospital do Barbanza. Ribeira.

Asistentes: 46 persoas en total. 43 presencial e 3 persoas seguían a píxula formativa de forma online. (43 mulleres e 3 homes).



ACTIVIDADES

GUÍA COIDAMOS TEA.

Para traballar o coidado da saúde e adquisición de habilidades nas persoas con TEA e familias que acaban de recibir un diagnóstico de TEA, elaboramos unha "folla de ruta" que nos permitirá dar apoio e mellorar o benestar socio-emocional. Esta folla de ruta esta plasmada nunha guía que achegamos e distribuimos a profesionais sanitarios.

Para a presentación da difusión da "Guía Coidamos-TEA" fíxose unha presentación oficial no **Hospital Clínico Universitario de Santiago** o 13 de Outubro.

A Federación Autismo Galicia fixo a presenencia na compañía de Dña Estrella López, Xerente do Servizo Galego de Saúde, Dña. María Jose Menor, Subdirectora de Humanización e Atención ao Cidadán da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, Dra. Susana Rey, Xefa de pediatría do Hospital Clínico Universitario de Santiago e Cristina Couto, psicóloga da Federación Autismo Galicia. Presididas pola presidenta da Federación Autismo Galicia, Mercedes Fernández Angulo.

FORMACIÓN

PÍXULA FORMATIVA PARA TRANSFERENCIA DE COÑECEMENTO PARA IMPLEMENTACIÓN DE PROCESOS SANITARIOS E MELLORA DA ACCESIBILIDADE COGNITIVA Ó PACIENTE CON TEA.

Continuamos a nosa colaboración coa subdirección de humanización e atención ao cidadán da **Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza** achegando o noso coñecemento sobre accesibilidade e comunicación co paciente con TEA. Realizamos unha píxula formativa co obxectivo de poñer a disposición dos profesionais sanitarios do Hospital de Barbanza a nosa experiencia na atención ás familias que reciben un diagnóstico de TEA e os nosos coñecementos de intervención con persoas con TEA.

PROGRAMA

Bloque I. Recursos de apoio as familias: Presentación Guía Coidamos-TEA.

Bloque II. Estratexias de apoio: Presentación da guía "Comunicación e atención co paciente con TEA" e do Manual "Os meus coidados de enfermería e outras probas médicas".

1. O Trastorno do espectro do Autismo:
 - 1.1 Situación de partida. Etioloxía, prevalencia.
 - 1.2 As características principais do TEA. Comorbilidade, condicións médicas subxacentes.
2. O TEA no entorno sanitario:
 - 2.1 Dificultades e barreiras asociadas ao entorno.
 - 2.2 Dificultades asociadas aos TEA.
3. Estratexias de superación de barreiras.
 - 3.1 Co entorno: accesibilidade cognitiva e sensorial . Recursos de apoio.
 - 3.2 Co/a paciente con TEA: habilidades comunicativas (presenciais e telefónicas).



FORMACIÓN

CAPACITACIÓN DOS PROFESIONAIS DE SAÚDE A TRAVÉS DE PÍLULAS FORMATIVAS.

Desenvólvense pímulas formativas a profesionais da saúde para a adquisición de estratexias de comunicación e de manexo do paciente con TEA en consulta.

Para levar a cabo estas pímulas realízase unha subcontratación coa Fundación Menela en Vigo.

Na área sanitaria de Vigo, a pímula ten lugar no centro de saúde da Doblada o día 17 de novembro e a pímula do Centro de saúde da Calle Cuba realizouse en decembro.



Persoas destinatarias: profesionais sanitarios dos centros de saúde, DUE, médicos, pediatras e persoal de administración.

Docente: Antía Fernández da Fundación Menela.

Lugar de realización: presencial no Centro de Saúde da Doblada.

Asistentes: 6 persoas (5 mulleres / 1 home).





**GOBERNANZA
E DESEMPEÑO
ECONÓMICO
2022**



11:00 13:00 769.00

Desenvolvemento ECONÓMICO

TRANSPARENCIA

Facemos unha xestión ética, transparente e eficiente cos recursos que recibimos:

As contas anuais da Federación Autismo Galicia, que comprenden o Balance a 31 de decembro de 2022, a conta de resultados e a memoria correspondente ao exercicio anual terminado en dita data son auditadas por NW Auditores S.L.P.

Contamos con documentos de transparencia e boas prácticas:


- Política de Entidades colaboradoras e doantes.**
- Política compras de provedores.**
- Política de Selección de proxectos.**
- Política de Trazabilidade de Fondos.**
- Política do Canal Ético.**
- Política de Conflito de intereses**
- Política de Protección de Datos**
- Plan Estratéxico 2020-2023**
- Comité do Canal Ético.**

XESTIÓN MEDIAMBIENTAL E EFICIENCIA ENÉRXÉTICA.


Contribuímos á protección do medio ambiente e implementamos medidas de aforro e eficiencia enerxética:

- Inversión na mellora das infraestruturas.**
- Avaliación do consumo responsable.**
- Medidas de control e mellora do consumo.**


Modelo de FINANCIACIÓN



Distribución DE GASTOS



Principais PARTIDAS DE GASTOS



Programa de **GOBERNO E CUMPRIMENTO NORMATIVO**

Este programa ten por obxectivo desenvolver unha institución sólida, sostible, socialmente responsable e solidaria.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

1. Desenvolver os valores principios, normas e estándares de comportamento da organización.
2. Mellorar os procesos de xestión interna da entidade.
3. Fomentar hábitos de consumo responsable na entidade e promover a eficiencia enerxética e calidade medioambiental

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS

DESENVOLVEMENTO DO CÓDIGO DE CONDUTA DA FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA E CANLES DE DENUNCIA.

DESENVOLVEMENTO DAS POLÍTICAS E PROCEDIMENTOS SOPORTE.

IMPLEMENTACIÓN DE MEDIDAS DE EFICIENCIA ENERXÉTICA E CALIDADE MEDIOAMBIENTAL.

CONTIDOS

Os contidos desenvolto neste programa están en liña cos Obxectivos do Desenvolvemento Sostible, ODS.

1. DESENVOLVEMENTO DO CÓDIGO DE CONDUTA E CANLES DE DENUNCIA.

Durante este ano 2022 formulámonos a necesidade de afondar na reflexión dos valores que, como entidade, temos afianzados e sobre os que queremos desenvolver o noso código de conduta, dende unha perspectiva da defensa dos dereitos humanos, a xustiza social e o desenvolvemento dunha entidade sólida referente na representación e defensa, específica, do colectivo das persoas con TEA. Este código aspira a ser unha guía para a entidade e cantos a conforman e se relacionan con ela.

Tamén neste ano se implementaron as canles de comunicación necesarias para que, dunha forma transparente e fiable, se poida garantir o cumprimento normativo e o desenvolvemento do código de conduta, isto a través da publicidade do canal ético na nosa páxina web.

2. DESENVOLVEMENTO DAS POLÍTICAS E PROCEDEMENTOS SOPORTE.

Continuamos, este ano desenvolvendo programas de avaliación e control interno que nos permitiron implementar novas políticas de actuación para a entidade e os seus procedementos e fluxogramas de traballo.

O proceso de avaliación do noso traballo, permítenos diferenciar aqueles procedementos que se basean no coñecemento dos que precisan dunha base documental o que propiciará resultados de calidade aos que aspiramos co noso traballo.

Neste sentido traballamos en políticas como a de trazabilidade de fondos e procedementos como os de compras, contratacións ou servizos.

3. IMPLEMENTACIÓN DE MEDIDAS DE EFICIENCIA ENERXÉTICA E CALIDADE MEDIOAMBIENTAL.

A entidade asumiu no 2022 un compromiso co desenvolvemento de obxectivos de consumo responsable e mellora da eficiencia enerxética, por iso traballamos nun proxecto cuxa metodoloxía incluíu, por unha banda o traballo participativo de todo o equipo técnico, a través da valoración do seu coñecemento nesta materia e enquisas de valoración, por outra un traballo de análise, mediante o seguimento do consumo enerxético e por último concretouse en medidas de inversión para o aforro enerxético na sede social da federación.

Igualmente profundizamos na mellora da distribución dos espazos físicos da nosa sede social e centro de recursos, mellorando o seu aproveitamento e usos múltiples para que sexan máis eficientes e multidisciplinares, sen descoidar a calidade ambiental e a accesibilidade dos mesmos.



Datos de SOSTIBILIDADE POR PROXECTO

PROXECTO	FINANCIADOR
Funcionamento e sostemento económico financeiro da estrutura da federación e desenvolvemento de programas	CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE. Asignación nominativa
Proxecto de Xestión de Coñecemento	CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE. Asignación nominativa
Proxecto de Incidencia Política	CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE. Asignación nominativa
Proxecto de Incidencia Social	CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE. Asignación nominativa
Proxecto de Atención a Persoas con TEA	CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE. Asignación nominativa
Proxecto de Atención Sociofamiliar	CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE. Asignación nominativa
Programa de Deterioro Cognitivo	CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE. Asignación nominativa
Programa de Programa de Respiro e Conciliación á Vida Familiar e Laboral	CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE. Asignación Tributaria IRPF
Programa de Promoción da Vida Adulta Independente	CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE. Asignación Tributaria IRPF
Programa de Protección Social e Xurídica a Persoas con TEA e Familias	CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE. Asignación Tributaria IRPF
Programa de Detección e Atención Temperá	CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE. Asignación Tributaria IRPF
Programa de Participación Social e Cultural	CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE. Asignación Tributaria IRPF
Programa de Envellecemento Activo	CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE. Asignación Tributaria IRPF
Programa de Rede de Accesibilidade	CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE. Asignación Tributaria IRPF
Programa de Empoderamento e Formación Familias	CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE. Asignación Tributaria IRPF
Programa de Obras	CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE. Asignación Tributaria IRPF
Convenio para a formación, sensibilización e accesibilidade cognitiva no entorno sanitario	SERVIZO GALEGO DE SAÚDE Asignación nominativa
Programa de Apoio Psicolóxico a Persoas con TEA	CONSELLERÍA DE SANIDADE
Axudas para o fomento do emprego: axentes de emprego	CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E IGUALDADE
Axudas para fomento do emprego: programas de cooperación	CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E IGUALDADE
Proxectos de Innovación en materia de Prevención da Instucionalización, Desinstucionalización e Desenvolvemento de Servizos de Apoio Comunitarios no Ámbito dos Coidados de Longa Duración, vinculados co Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Proxecto RUMBO: cara un modelo de autonomía persoal conectada e inclusiva.	MINISTERIO DE DERECHOS SOCIALES Y AGENDA 2030
Programas para a realización de programas integrados para o fomento da empregabilidade dirixido a persoas vulnerables, no marco do plan de recuperación e transformación e resiliencia	CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE. CONVENIO COA EAPN GALICIA
Proxecto de Eliminación de Barreiras da Comunicación das Persoas con TEA	DEPUTACIÓN DE A CORUÑA
Proxecto Muller TEA: Igualdade e Prevención da Violencia de Xénero a través do Apoio nas súas Necesidades	CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
Proxecto de Mellora das Infraestruturas da Federación	FUNDACIÓN ONCE

ENTIDADES FINANCIADORAS EXTERNAS



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE SANIDADE



SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

IMPORTE	GRUPOS BENEFICIARIOS			
	Federación Autismo Galicia	Asociacións e fundacións	Persoas con TEA	Familias
109 173,16 €	●	●	●	●
4 389,36 €	●	●	●	●
5 590,06 €	●	●	●	●
2 589,62 €	●	●	●	●
35 150,00 €		●	●	●
16 387,52 €		●		●
501 930,28 €		●	●	●
16 049,90 €	●	●	●	●
14 890,65 €	●	●	●	
18 292,90 €	●	●	●	●
11 627,64 €	●	●	●	●
5 496,27 €	●	●	●	
7 401,29 €	●	●	●	●
36 403,79 €	●	●	●	●
15 142,51 €	●	●	●	●
11 199,29 €		●	●	●
43 405,00 €	●	●	●	
9 160,00 €			●	
53 710,86 €	●	●	●	●
18 531,00 €	●	●	●	●
295 350,00 €	●	●	●	
144 400,00 €	●	●	●	
5 008,42 €			●	
1 440,76 €			●	●
3 396,62 €	●	●	●	●



autismogalicia.org

Sede social da Federación
Rúa Home Santo de Bonaval, 74 baixo

Centro de recursos
Rúa Rodríguez de Viguri, 35
15703 Santiago de Compostela

Tel. +34 **981 589 365**
info@autismogalicia.org

Subvencionado pola Xunta de Galicia - Consellería de Política Social e Xuventude



**XUNTA
DE GALICIA**

**CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E XUVENTUDE**